Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para modificar os resultados da política seguida en materia de innovación e a súa valoración respecto da evolución dos indicadores referidos á I+D+i, así como a avaliación que fai dos resultados do desinvestimento en innovación dos últimos anos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 56464 (10/POC-008878)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as razóns da demora da Consellería de Sanidade na posta en marcha das actuacións referidas á endometriose, reflectidas no acordo parlamentario ao respecto

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 56468 (10/POC-008879)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e 3 máis

Sobre as previsións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto da retirada dos centros de ensino da propaganda homofóbica distribuída polas asociacións ultra

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 56476 (10/POC-008881)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos supostos incumprimentos do administrador concursal, a procura dunha saída á crise da empresa Poligal en Narón e o cobramento polos traballadores da totalidade das contías comprometidas, así como a valoración que fai das actuacións postas en marcha para o mantemento da actividade produtiva da planta

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 56293 (10/POC-008846)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a incorporación da anterior valedora do pobo, como participante, ao faladoiro do programa *Galicia por diante*, da Radio Galega

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 56473 (10/POC-008880)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e 2 máis

Sobre a actuación da Dirección da CRTVG en relación co exercicio do dereito á folga polo persoal da Corporación

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

Santiago de Compostela, 1 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre os retrasos na recepción do equipamento preciso para E-Dixgal.

Hai xa oito anos que a Xunta de Galicia vén desenvolvendo iniciativas encamiñadas á dixitalización das aulas. Falamos, nun primeiro momento, do proxecto Abalar, complementado logo coa iniciativa dixital E-Dixgal que permite que no curso actual 2018/2019 uns 18.000 estudantes de 5º e 6º de Primaria así como de 1º e 2º da ESO de 267 centros educativos formen parte desta iniciativa. A implementación do ensino dixital leva consigo, por suposto, un investimento importante en equipamentos para ter aulas dixitais, equipos para o alumnado e profesorado de uso persoal, un entorno virtual de aprendizaxe, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración.

As aulas dixitais son aulas que contan cun encerado dixital interactivo, dun proxector, dun equipo para o profesor, e dun equipo para cada alumno. Ademais as aulas contan con conexión WIFI para que o alumnado e profesorado poda acceder aos contidos dixitais e seguir a actividade educativa na aula desde o seu propio equipo.

No que atinxe ao entorno virtual de aprendizaxe atopámonos cun espazo no que docentes e alumnas e alumnos poden acceder a contidos dixitais para 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de Eso do seguintes provedores: Edebé, Netex, aulaPlaneta e Pearson, os do Repositorio de contidos educativos dixitais (os centros teñen a súa disposición o Repositorio de contidos educativos dixitais do espazo Abalar, con



máis de 3.200 recursos educativos dixitais complementarios en sete idiomas), ou os que o profesorado poda crear, seleccionar ou engadir ao entorno. O acceso a este entorno dixital é posible a través de calquera equipo con conexión a internet, a través das claves de acceso que lle serán entregadas ao alumnado no centro ou mediante os propios equipos co sistema offline.

No que se refire ao equipamento persoal do alumnado, a Xunta ten que garantir o acceso a un portátil a cada alumna e alumno participante na modalidade de cesión de uso. Equipos proporcionados polos centros, unha vez que as familias asinen un formulario de cesión de uso do mesmo.

Porén este inicio de curso numerosos centros denuncian que aínda non teñen os equipos necesarios.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.^a) Como explica o Goberno da Xunta de Galicia que os equipos non estean dispoñibles ao inicio de curso?
- 2.^a) Que previsión fixo a Consellería para que o alumando poda iniciar o curso sen os equipos?
- 3.^a) Cando ten previsto que chegue o material necesario?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. do Grupo Común da Esquerda



Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/09/2019 11:48:07

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/09/2019 11:48:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Os problemas de contaminación no espazo da mina de Touro véñense arrastrando dende hai décadas e supoñen o maior problema ambiental que sofre o noso concello, coa contaminación dos terreos e dos ríos e regatos. A esta contaminación sumouse a derivada da actividade de xestión de residuos que dende o ano 2003 se está desenvolvendo nos terreos da antiga explotación mineira pola empresa TEN, S.L.

Esta nova actividade, lonxe de servir para recuperar e rexenerar os terreos, como era un dos seus obxectivos iniciais, supuxo que este espazo se convertera en realidade nun macrovertedoiro que sumou un novo problema ambiental moi grave derivado da mala praxe na actividade de xestión de residuos e do depósito de grandes cantidades destes residuos nas entulleiras da antiga mina que realiza esta empresa, que provocan episodios continuos de pestilencia que alcanza aos núcleos de poboación do entorno.

Este problema vense sufrindo dende que se iniciou a actividade e, lonxe de arranxarse, agrávase por momentos sometendo aos veciños dos lugares máis próximos a unha situación que en determinados momentos e segundo a dirección do vento faise inaguantable. A intensidade dos olores xera non só un problema ambiental, senon un problema de calidade de vida e de risco para a saúde dos veciños/as.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A actividade desta empresa está provocando un descenso da calidade de vida de toda a poboación afectada, especialmente das parroquias de Loxo e Touro, xa que a conversión dos terreos da antiga mina nun inmenso vertedoiro sen que haxa un control nin das cantidades nin que tipos de refugallos alí se depositan imposibilitan que poidan desenvolver unha vida normal.

Esta situación foi denunciada polo BNG, en innumerables ocasións , dende que se iniciou a actividade, con mocións no parlamento español, no parlamento galego, no concello de Touro, con recollida de sinaturas entre os veciños, con denuncias ao Seprona, etc.

Non foi porque non houbera coñecemento nin denuncias da situación polo que non se actuou. O goberno municipal, se ben recoñece o problema, nunca o considerou de primeiro orde e nunca tomou a iniciativa de maneira enérxica e decidida, como para esixirle á empresa o cumprimento das condicións que se contemplan na Avaliación Ambiental Integral (AAI) nin á Xunta a súa función de inspección sobre as súas actividades.

A AAI outorgada o 8 de xullo de 2015 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental establece unha serie de condicionantes referidos aos olores, como a realización de olfatometría dinámica por unha entidade acreditada pola ENAC e en función dos resultados desta levar a cabo todas as accións necesarias para diminuír a xeración de olores e un plan de vixilancia e control de olores. Así mesmo propón unha serie de mellores técnicas dispoñibles para evitar os malos olores nos núcleos de poboación.



Por outra banda na AAI tamén se recolle a revisión das condicións recollidas na mesma unha vez pasados catro anos dende as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

Vemos por tanto que non se están a cumprir as condicións que se impuxeron na autorización que no seu momento outorgou a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e que as administracións que tiñan que velar para que se cumprisen tampouco desempeñaron o seu cometido.

Nin sequera a empresa cumpre as súas propias obrigas e recomendacións. No seu informe anual de 2018 recoñece que non se realizaron todas as accións recollidas no plan de melloras (Ampliación da superficie cuberta, implantación sistema aireación ou recubrimento parque de tecnosolos, sistema de regos en viais...) e tamén recolle que cando se detecte un episodio de olor estableceranse as medidas correctoras que reduzan e eliminen este nun corto espazo de tempo, o que evidentemente non se cumpre como vimos comprobando.

É evidente que ningunha actividade empresarial pode provocar un problema ambiental e de saúde pública tan severo, e que se por parte da empresa non se procede ao cumprimento de todas e cada unha das condicións da súa autorización que garantan a non afección ao medio deben ser as Administracións Públicas as que actúen.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Ten noticias o goberno galego dos frecuentes episodios de pestilencia nas poboacións cercanas á mina provocadas pola empresa xestora de residuos TEN?
- Se é así, que medidas ten tomado ata o de agora para porlles termo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Teñen feito algunha olfatometría e de ser así que resultados deu ?

-Que tipo de controis se levaron a cabo nos depósitos de tecnosolos feitos nas entulleiras da vella mina?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/09/2019 12:28:29

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2019 12:28:37

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2019 12:28:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2019 12:28:50

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2019 12:28:58

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2019 12:29:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

O Centro de Saúde de Cambados dá servizo a unha poboación de 13.814 persoas (2018), das cales 1993 están en idade pediátrica.

Conta con 9 prazas de Medicina Familiar e 3 de Pediatría.

Ademais, no centro funciona un PAC, que presta servizo a outros tres concellos máis (A Illa, Meis e Ribadumia).

Nos últimos anos, o centro de saúde pecha polas tardes nos meses de verán e en épocas coma o Nadal. Dende 2017 producíronse tres peches do centro pola tarde durante o verán –2007 e 2018-, sendo o peche de 2019 o máis prolongado, pois mantense de xullo a mediados de outubro.

O peche do centro polas tardes provoca unha maior afluencia ao PAC e a maior saturación do persoal do centro de saúde polas mañás, téndose que repartir o traballo, o que aumenta as agardas. Isto sucede, ademais, en época estival, con gran afluencia de turistas e visitantes á vila.

O Concello de Cambados denuncia que cando se produciu o peche polas tardes este verán se enteraron da situación por fontes extraoficiais, e non a través de comunicación directa por parte do SERGAS.

Alén disto, en setembro e outubro de 2018, o PAC de Cambados ten permanecido, nalgunha xornada, sen atención médica durante horas, por mor de que só había unha equipa médica completa no PAC. Esta situación volveu darse no verán de 2019.



Asemade, o Centro de Saúde de Cambados deixou dende 2018 de contar con consulta de pediatría de tarde o que, unido a que o PAC xa non conta con pediatría de urxencias, a poboación en idade pediátrica que o precise en horario de tarde deberá acudir ao Hospital do Salnés.

O Pleno do Concello de Cambados xa ten aprobado diversas mocións a prol do mantemento dunha atención sanitaria de calidade no centro de saúde e PAC da localidade. Ademais, centos de sinaturas da cidadanía cambadesa respaldan esta petición.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

- Vai a Xunta deixar de recortar na Atención Primaria de Cambados?
- Cando ten previsto a Xunta recuperar as consultas médicas polas tardes no CS de Cambados?
- Cando ten previsto a Xunta recuperar a consulta de pediatría pola tardes no CS de Cambados?
- Cantos días e en que datas estivo o PAC de Cambados durante 2018 e 2019 cunha soa equipa médica?
- Vai a Xunta cumprir coas mocións aprobadas polo Pleno de Cambados en relación á asistencia sanitaria?
- Vai o Sergas asumir os custes de mantemento do Centro de Saúde de Cambados?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.





Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/09/2019 13:17:24



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**.

En 2019, un ano máis, a Xunta continúa sen desenvolver unha rede pública de ensino infantil 0-3 anos, con centos de familias en lista de agarda nas escolas infantís de titularidade autonómica, nun País coas peores taxas de saldo vexetativo do Estado.

En xuño de 2019, cos datos definitivos por centros de titularidade autonómica dependentes do Consorcio, hai 3.553 crianzas en lista de agarda para unha praza en escola infantil dependente da Xunta. Así, o número de prazas en Escolas Infantís de titularidade autonómica para o curso 2019-2020 elévase a 10.380, con desigual distribución por provincias. Das novas inscricións, 590 nenas e nenos son en escolas da Galiña Azul da Coruña, 3172 nas que hai en Pontevedra, 920 nas de Ourense e 912 nos centros da Xunta en Lugo. Ademais, no conxunto da rede autonómica hai admitidos 33 menores de 0 a 3 anos con necesidades especiais e 969 pertencentes a familias numerosas.

A rede das escolas infantís dependentes da Xunta ten unha distribución territorial moi desigual, continuando Lugo como a provincia con menor rateo de escolas públicas autonómicas (só 15 Galiña Azul).

Tamén é limitante en canto ao acceso a escolas infantís a suba de prezos, que se actualizan co IPC, cando as rendas das familias se estancaron ou caeron, sobre todo das máis baixas.



Contar con recursos de conciliación en todo o territorio debe ser unha prioridade do goberno dun País socialmente avanzado, máis cando se trata dunha nación en grave regresión demográfica.

Dende o punto de vista da conciliación, as escolas infantís son fundamentais para garantir a igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres, pois seguen sendo as mulleres as principais coidadoras de menores de 3 anos, as que máis solicitan redución de xornada por coidado de fillos/as e as que máis tempo dedican a tarefas relacionados co coidado e co fogar.

A rede de ensino infantil é un recurso fundamental desde este punto de vista da conciliación, pero non suficiente, pois hai que elevar os permisos de maternidade e paternidade.

Por outro lado, a etapa educativa dos 0 a 3 anos é esencial e garante mellores resultados académicos posteriores.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia:

1. Como vai garantir a Xunta de Galicia a universalización do ensino 0-3 anos? Ten a Xunta un plan para o despregamento dunha rede pública de ensino infantil de 0 a 3 anos que teña en conta as necesidades reais da poboación das comarcas galegas?

2. Cantos bonos Concilia se concederon por municipios no ano 2018?

3. Considera a Xunta o bono Concilia unha medida conxuntural ou estrutural? Non cre que este modelo favorece o negocio privado fronte o despregamento dunha rede pública?



4. Vai a Xunta aumentar as partidas para construción de novas escolas infantís públicas autonómicas nos Orzamentos de 2020? Cantas novas escolas de ensino infantil vai a Xunta construír en cada unha das provincias galegas en 2020?

5. Cantas prazas de escolas infantís “apoiadas con fondos públicos” existen na Comunidade Autónoma, por provincias?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/09/2019 13:31:32



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, relativa ao estado de conservación do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón en Dodro.

Recortes reiterados e abandono, eses foron os dous piares da política do Partido Popular respecto á conservación e mantemento dos centros educativos do país.

Unha partida que pasou de algo máis de 11 millóns e medio de euros en 2008, a 4.650.000 euros nestes últimos orzamentos, que en termos reais, isto é descontando as variacións do IPC, supón case un 70% menos. Un 70% menos que se traduce en aulas en mal estado, alumnado en clase con abrigo, cubertas que seguen tendo amianto e, en definitiva, ausencias graves de infraestrutura escolar nun parque escolar avellentado.

Neste senso, as deficiencias nas escolas acumúlanse, tal e como acontece nos centros escolares de Dodro.

Deste xeito, o alcalde Xavier Castro, o concelleiro de educación Abel Tarrío acompañados da representante da ANPA Natalia Romero, reuníronse co responsable da area da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para trasladarlle a demanda de rehabilitación do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón. Unha demanda **que responde á necesidade urxente de acometer melloras e reparacións** a un edificio que dende o ano da súa construción en 1982 case non se acometeron obras de reparación estrutural.



Por todo isto, preséntase a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- En que prazo vai atender o Goberno galego as demandas de mellora da ANPA do CPI Eusebio Lorenzo Baleirón en Dodro?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 23/09/2019 14:19:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 23/09/2019 14:19:52



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 4ª**.

O departamento de Orientación do CEIP O Coto, de Negreira, emitiu un informe que alerta de que o alumnado con necesidades especiais non estará atendido de xeito completo ata que o vindeiro martes, 24 de setembro, chegue unha segunda coidadora.

As familias e a ANPA consideran que estas dúas prazas de coidadoras de alumnado con necesidades especiais son insuficientes, para seis crianzas que o precisan, e que así non hai unha integración escolar real.

Estes primeiros días do curso 2019/2020, unha soa coidadora tivo que atender a cinco escolares –o número seis aínda non se incorporou– co apoio de profesorado e de pais e nais.

A finais do curso 2018/2019, ante a escaseza de persoal coidador –só había unha profesional para 3 crianzas, apoiada por outra en situacións puntuais– a ANPA solicitou ao centro que comunicase a Educación a necesidade de incorporar a máis persoal coidador. O CEIP O Coto transmitiu esta necesidade á Consellería, máxime ao atoparse con máis matrículas de alumnado que precisa atención permanente e puntual, pero o departamento de Educación non respondeu á demanda, ata que na primeira semana deste curso se solicitou información neste sentido.

Dende a Consellería de Educación informaron que farán unha nova valoración tras a incorporación da segunda coidadora.



Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 4.^a:

- Cando vai atender a demanda de aumentar o persoal para coidar alumnado con necesidades especiais no CEIP O Coto?

- Considera a Xunta aceptable non ter respondido en tempo e forma á primeira solicitude de máis persoal coidador por parte do centro?

- Considera a Xunta aceptable agardar a setembro para dotar o CEIP O Coto cunha persoa coidadora máis, ocasionando múltiples trastornos durante o inicio do curso a alumnado, profesorado e a pais e nais?

- Considera a Xunta que garante así o dereito a unha educación inclusiva, só con dúas coidadoras para seis crianzas con necesidades especiais?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 23/09/2019 16:28:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade e demanda social da construción dun centro público de atención ás persoas con discapacidade de máis de 21 anos na provincia de Ourense e aos inxustificábeis retrasos do goberno galego.

Durante anos pais e nais comprometidos coa atención aos seus fillos e fillas con necesidades de diversidade funcional estiveron a denunciar como a provincia de Ourense é a única da comunidade galega que non contaba cun CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL, público, que integrara os servizos de centro residencial, centro de día e de respiro familiar. Esta demanda foi acollida pola sociedade civil, que se sumou ás demandas por diversas formas e mesmo protagonizou unha grande manifestación na cidade de Ourense a comezos do ano 2017.

Porén, este grao de compromiso non se conseguiu por parte do Partido Popular malia que na campaña electoral das eleccións galegas de 2016 o asinaran canda as demais forzas políticas concorrentes. Foi a presión política e social quen mobilizou ao goberno galego mais tivemos que comprobar en cada orzamento da Xunta de Galiza nesta lexislatura como a cantidade comprometida non era suficiente, asistimos a un borrador inicial que era inadecuado e houbo que modificar e tamén á absoluta inutilidade do Concello de Ourense durante a Alcaldía de Jesús Vázquez, que contribuí a demorar esta situación.



O pasado 19 de setembro de 2019 o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou a autorización da Xunta ao contrato de construción do novo Centro de atención ás persoas con discapacidade (CAPD) de Ourense, presuntamente por un importe total de máis de 8 millóns de euros e que contará con 110 prazas públicas. Porén, xa puña paus ás rodas sinalando aínda obrigas procedimentais que poderían estar avanzadas e a previsión do primeiro cuadrimestre de 2020 para o inicio das obras.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entendemos que cómpre adiantar ao posible estes prazos e garantir que os pasos dados pola Xunta de Galiza sexan na dirección que demandaba a plataforma social, isto é, un servizo público e de xestión pública, atendido por empregados e empregadas públicos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cales son os motivos para que a Xunta non garanta un CAPD para Ourense no ano 2020 e de xestión integramente pública?

Cales son os motivos dos constantes atrasos das xestións da Xunta para garantir un Centro de Atención terapéutica-ocupacional de xestión pública na provincia de Ourense acorde coa demanda da Plataforma social e do compromiso adquirido polas administracións?

Pode a Xunta de Galiza confirmar que será de carácter público?

Que planificación temporal ten a Xunta de Galiza? Por que non pode garantir unha data de inicio anterior ao amplo prazo de “primeiro cuadrimestre” de 2020?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para cando se prevé a licitación?

Prevé algunha forma de participación das familias no proceso de escolla do proxecto final? E durante a execución, de cara a evitar problemas?

Considera a Xunta de Galiza que con este novo centro están cubertas as necesidades da provincia de Ourense? E a nivel galego?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2019 17:00:45

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2019 17:00:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2019 17:01:19

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2019 17:01:27

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/09/2019 17:01:45

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2019 17:01:55





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao desmantelamento do Hospital Comarcal de Verín por parte da Xunta de Galiza e ás súas necesidades de rectificación.

A nefasta política sanitaria da Xunta de Galiza e a súa folla de ruta intensificada a partir da aprobación da reforma da lei de saúde do noso país están a levar a unha situación límite hospitais coma o comarcal de Verín.

No verán, ao coñecerse a data de apertura da nova cociña do novo edificio de Hospitalización do CHUO en Ourense volveron saltar as alarmas sobre o futuro da cociña. Por outra banda, após o período estival continuaron os problemas con distintas especialidades, como cirurxía ou dermatoloxía. Neste último caso, as e os traballadores sospeitan que a derivación de dermatoloxía a Ourense lonxe de ser puntual é a antesala dun paso definitivo. O Sergas xustificou publicamente os seus movementos polos traslados de tres dos oito profesionais da dermatoloxía cos que contaba a Área sanitaria, porén o cadro de persoal verinense sospeita que isto será definitivo e terá un importante impacto na zona, pois segundo informa CIG-Saúde estaríanse beneficiando máis de 1.500 persoas. Así mesmo, a deficiente organización conlevou que as e os pacientes non tiñan reasignadas as citas e que moitas persoas, pendentes de tratamento, dubidaban se debían seguir con el ou non.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta é unha situación intolerable e a comunidade hospitalaria, a instancias do Comité de empresa, anunciou mobilizacións a partir do 27 de setembro para parar unha situación de deterioro moi avanzada.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª

Vai abandonar a Xunta de Galiza a súa estratexia de desmantelamento do Hospital de Verín?

Que actuacións levou ou vai levar a Xunta de Galiza para evitar o deterioro no servizo de Dermatoloxía? Están todos e todas as pacientes cunha cita reorganizada neste momento? Cal é a previsión para reanudar o servizo en Verín?

Que actuacións levou o goberno galego para evitar a situación de deterioro do bloque cirúrxico? Como vai mellorar o servizo?

Considera a Xunta de Galiza necesario dotar de máis persoal o Hospital? De que categorías? Cando o vai facer?

Considera a Xunta de Galiza necesario dotar de máis especialidades o Hospital? De que tipo? Con que folla de ruta?

Cales son as intencións de cara ao futuro da cociña?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2019 17:26:57

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2019 17:27:07

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2019 17:27:12

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2019 17:27:20

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/09/2019 17:27:28

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2019 17:27:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

1. Tal como se recolle na lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, “o Consello da Xunta é o órgano superior de dirección e coordinación da protección civil e da xestión de emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Segundo esta norma, correspóndelle ao Consello da Xunta:

- a) Aprobar as disposicións de carácter xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias.
- b) Aprobar o Plan territorial de protección civil de Galicia e os plans especiais.
- c) Aprobar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia.
- d) Fixar as directrices da política de prevención e autoprotección.
- e) Declarar a situación de emerxencia de interese galego, cando a situación de perigo, pola súa especial extensión ou intensidade particularmente grave, o requira.

A citada lei tamén prevé, na disposición adicional terceira, o seguinte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“A Xunta de Galicia procederá, no prazo de seis meses desde a súa posta en funcionamento, á elaboración dun plan director dos servizos contraincendios e de salvamento que definirá o modelo de reordenación territorial e a estrutura operativa deles”.

En virtude do establecido nesta lei, os concellos de máis de 20.000 habitantes teñen a obriga de contar con servizo de extinción de incendios e salvamento. No caso das entidades locais de menos de 20.000 habitantes, prevese a obriga das deputacións provinciais de colaboración para a prestación de servizo, e a tal efecto créanse os Consorcios Provinciais de Bombeiros, cofinanciados pola Xunta e as Deputacións.

2. A longo dos 12 anos transcorridos desde a aprobación da lei, detectáronse numerosas eivas no sistema galego de emerxencias. Un deles é a deficiente cobertura territorial das emerxencias en determinadas zonas do país, que carecen de servizos de bombeiros e de grupos de emerxencia supramunicipal. Nestas áreas, chamadas “zonas de sombra” os tempos de resposta dos servizos de emerxencias están moi por riba dos 20 minutos, chegando nalgúns casos a 1 hora.

O incendio que tivo lugar en Tenorio en xullo de 2017 puxo en evidencia a deficiente cobertura dos concellos do interior da provincia de Pontevedra, unha situación que é alarmante nos casos dos concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Ponte Caldelas e A Lama, que son atendidos desde o parque que o consorcio provincial de Bombeiros ten en Ribadumia.

Desde fai xa máis de 2 anos, a Xunta de Galiza anunciou a revisión do mapa de emerxencias e a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades, mais pouco se avanzou ao respecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

1ª:

1. Que previsións ten o goberno galego sobre o desenvolvemento da lei 5/2007 de emerxencias de Galicia?
2. Considera o goberno galego necesario aprobar unha nova lei de emerxencias ou modificar a actual?
3. Cando está previsto revisar e actualizar o Plan Territorial de Emerxencias?
4. Que previsións ten o goberno galego sobre o novo mapa de emerxencias e a comarcalización dos parques de bombeiros municipais?
5. Fixo algún estudo ou proposta a Axencia Galega de Emerxencias sobre a dotación de novos Grupos de Emerxencias Supramunicipais?
6. Que zonas do territorio considera o goberno galego que teñen unha cobertura deficiente e que deben contar con novos servizos de extinción de incendios e emerxencias?
7. Considera necesario a Xunta de Galicia clarificar e consolidar as funcións e retribucións do persoal dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2019 17:46:31

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2019 17:46:36

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2019 17:46:43

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2019 17:46:51

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/09/2019 17:46:59

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2019 17:47:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Durante as últimas semanas a industria naval auxiliar de Navantia volveu protagonizar unha gran preocupación pola situación laboral, mesmo acudindo á folga. Entre outros, o detonante foi o despedimento de 15 persoas (6 de INDASA e 9 da UTE TECMAN-RAYMA), xusto no momento no que se estaban a producir as negociacións entre ambas as dúas empresas e Navantia para prorrogar os contratos en vigor.

Hai que recordar ademais que estamos a falar dun cadro de persoal que foi contratado no seu día pola UTE FERROVIAL-ELINCO, e polo tanto dimensionado no ano 2016, non existindo daquela unha ocupación do estaleiro maior da que se vai padecer durante os vindeiros dous anos froito do atraso das fragatas, entre outros motivos polas escuras operacións de Morenés. Este persoal ten conquirido o dereito de subrogación cando se negociou o convenio do metal despois de moitos meses de loita e tamén de folga. Porén, a día de hoxe isto non está a ser respectado.

Este conflito é un síntoma máis dun problema maior, no que salientan a falta de estabilización do colectivo e a falta dunha folla de ruta estable para Navantia, afectada polo mantemento dun veto práctico á construción civil e polas demoras de contratos clave.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre recordar que sen unha industria auxiliar forte Navantia non terá capacidade para enfrontar os retos de futuro e, así mesmo, sinalar que esta industria pode chegar a empregar 3.000 persoas, polo que as condicións de traballo en xeral, e salariais en particular, deste colectivo teñen unha influencia radical para a economía da comarca de Ferrol.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego diante da crise da industria auxiliar naval en Ferrol?

Ten o Goberno Galego coñecemento da situación actual na que se atopa o conflito e da negociación que se está levando a cabo?

Que valoración fai o goberno galego dos índices de eventualidade que sofre este persoal, e polo tanto de fragilidade, que provoca conflictividade recorrente?

Que actuacións levou a cabo, ou ten pensado levar a cabo a Xunta de Galiza, para favorecer que a integración dos chamados Acordos do 2001 ao marco provincial sexan unha realidade na súa translación?

Considera o goberno galego que o seu desatendemento no cumprimento da lei do naval galega favorece esta situación? Vai rectificar?

Que actuacións levou a cabo o goberno galego para favorecer unha carga de traballo suficiente que palíe as consecuencias das cacicadas de Morenés?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que se ten superado o veto á construción civil na ría de Ferrol?

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/09/2019 18:52:11

Xosé Luis Bará Torres na data 23/09/2019 18:52:18

María Montserrat Prado Cores na data 23/09/2019 18:52:24

Olalla Rodil Fernández na data 23/09/2019 18:52:30





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/09/2019 18:52:37

Ana Pontón Mondelo na data 23/09/2019 18:52:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

Aínda que pendente da aprobación polo Parlamento europeo e do visto bo dos estados membros que poderían esixiren cambios, o tratado con Mercosur é un feito.

Foron España e Alemania quen maior empeño puxeron en vence-las resistencias que levantaba nos demais países membros debido ós seus efectos negativos sobre o sector agrícola. "O acordo presenta retos para os agricultores europeos e a Comisión está lista para lles axudar a superalos" Phil Hogan comisario de Agricultura.

Claro que despois sempre depende da presión que se faga desde os sectores agrícolas prexudicados e dos estados que sintan "vocación" de defensa dos intereses dos seus cidadáns.

As menores esixencias sanitarias e os prezos inferiores con que eses produtos van ser postos en Europa ameazan seriamente o rural europeo.

No noso caso, o sector da carne está a tremer polo considerable impacto que este tratado pode supoñer. E aínda que o tratado leva xestándose case 20 anos, ningún movemento de protección e defensa vimos por parte do goberno galego dese e doutros sectores ameazados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A supresión de aranceis suporá para as empresas europeas a supresión de 4.000ME en aranceis. Sairán beneficiados a industria do automóbil, maquinaria, química ou farmacéutica e a cambio o tratado dará vía libre ás exportacións, dos países de Mercosur a Europa, que son na súa maioría produtos agrícolas e gandeiros

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a valoración que fai a consellería do impacto que este acordo pode ter para o noso medio rural?

-Ten feito algún estudo ó respecto?

-Que medidas ten tomado ou pensa tomar diante desta ameaza?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 10:45:55

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 10:46:03

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 10:46:09

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 10:46:18

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 10:46:25

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 10:46:35



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Transparencia, mais as persoas que integramos os grupos parlamentarios non podemos obter información sobre todos os contratos e convenios celebrados pola Xunta de Galicia e/ou os seus entes instrumentais. Así, o Instituto de Estudos do Territorio (IET), dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, descoñece o significado desa verba, pois o convenio de colaboración firmado entre o dito IET e o Concello de Cerdedo-Cotobade, de data 4 de xaneiro do presente ano, non aparece por ningures. Este grupo tivo que acudir á páxina de transparencia da Intervención Xeral da Administración do Estado, no Ministerio de Facenda, para atopalo.

Revisado o convenio, ata podería parecer normal que se ocultase: encadra o asunto na obrigatoria protección da paisaxe (Lei 7/2008, do 7 de xullo); di que o concello “expón a necesidade de afrontar obras para a protección, xestión e ordenación dos Meandros do Lérez e da Serra do Cando a través dun protocolo pola paisaxe”; non menciona nin unha soa liña relativa á convocatoria pública de axudas a tales fins, mais especifica o desenvolvemento dun proxecto piloto de pacto pola paisaxe no ano 2019, que poda servir de modelo para outros entes locais; exclúe expresamente os principios de publicidade e concorrencia pública, “xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas do Concello de Cerdedo-Cotobade, único concello que ten solicitado perante esta administración a celebración dun pacto pola paisaxe” e así xustifica o procedemento de concesión directa de case 685.000 euros, basicamente para a rehabilitación de edificacións en zona inundable.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que está a cumprir a súa Lei de transparencia e bo goberno, Lei 1/2016, do 18 de xaneiro?
2. Por que o convenio de colaboración firmado o 4 de xaneiro deste ano entre o Instituto de Estudos do Territorio (IET), dependente da Consellería de



- Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e o Concello de Cerdedo-Cotobade non aparece na páxina de transparencia da Xunta de Galicia?
3. Como é posible que se desenvolva un proxecto piloto de pacto pola paisaxe no ano 2019 sen ningún tipo de publicidade nin transparencia?
 4. Como chegou a pedir o Concello de Cerdedo-Cotobade que se desenvolvese xustamente co seu concello ese proxecto piloto? Cando o fixo?
 5. Sendo a Lei de protección da paisaxe do ano 2008, a ningunha persoa con responsabilidade política na Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda se lle ocorrera o desenvolvemento de pactos pola paisaxe cos concellos de Galicia?
 6. Despois de que, segundo consta no propio convenio, se lle ocorrese ao concello, non pensou ningunha persoa con responsabilidade política no Goberno proceder á convocatoria pública de axudas para pactos pola paisaxe cos concellos de Galicia?
 7. É xustificable para o Goberno un procedemento de concesión directa de case 685.000 euros, basicamente para a rehabilitación de edificacións en zona inundable?

Pazo do Parlamento, 23 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/09/2019 11:51:26

María Teresa Porritt Lueiro na data 24/09/2019 11:51:35

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2019 11:51:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/09/2019 11:56:40
Nº Rexistro: 56260
Data envío: 24/09/2019 11:56:40.482

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/09/2019 11:51:56

María Luisa Pierres López na data 24/09/2019 11:52:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGX79VXvK17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A provincia de Pontevedra arrancou este curso escolar 2019-2020 con 36 aulas e 57 profesores menos no ensino público nos tramos de Educación Infantil (0-3-anos), Primaria e Especial, cun déficit de máis de 1400 prazas nas escolas infantís da rede “Galiña Azul”. E estas cifras aínda serían maiores tendo en conta que na cidade de Pontevedra os números irían de 310 crianzas en lista de agarda a 545, incluíndo as escolas infantís de O Toxo, Campolongo e o edificio administrativo da Xunta de Galicia.

En Educación Infantil, un total de 1409 nenas e nenos da provincia quedaron sen praza pública pola situación de precariedade da rede da Galiña Azul, xestionada polo Consorcio Galego do Benestar. Agora mesmo, precísanse entre 30 e 50 novas escolas de educación infantil na provincia, pois en 28 concellos hai lista de agarda para as garderías públicas e en 12 deles (Cangas, Moaña, Mos, Nigrán, Porriño, Poio, Pontevedra, Salceda de Caselas, Salvaterra, Tomiño, Tui e Vigo) a situación é xa de alarma, moi especialmente nos casos de Pontevedra (310 prazas de déficit), Vigo (303) e Porriño (155).

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno galego que son suficientes as súas medidas para favorecer a corresponsabilidade familiar na provincia de Pontevedra?
2. Que ten que dicir o Goberno do déficit de prazas públicas nas escolas infantís da provincia?
3. Ten coñecemento o Goberno de que hai lista de agarda en 28 concellos da provincia?
4. Vai construír o Goberno novas escolas infantís con prazas públicas para a provincia de Pontevedra? Cando?



5. É consciente o Goberno da situación de maior dificultade que xera este déficit aos concellos da provincia, que xa corren co 30 % do custo de todos os gastos de cada unidade da Galiña Azul e que ata construíron ou cofinanciaron escolas infantís?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/09/2019 12:24:42

Noela Blanco Rodríguez na data 24/09/2019 12:24:53

María Luisa Pierres López na data 24/09/2019 12:25:04

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2019 12:25:15



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A aplicación da *Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e determínase o procedemento para seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio*, vén poñendo de manifesto a insuficiencia dos instrumentos procesuais que o ordenamento xurídico ofrece para a resolución dos conflitos derivados das rupturas familiares, sobre todo no que se refire a salvagarda do interese superior das e dos menores para manter relacións cos proxenitores non custodios e a súa familia, á marxe da ruptura.

Esta situación fixo que a Xunta de Galicia afrontase o financiamento, con cargo ao Programa de orientación e mediación familiar, dunha rede de puntos de encontro para garantir a existencia dun lugar apropiado que facilite a relación materno/paterno-filial, asegurando o benestar e a seguridade das e dos menores en familias en situacións de conflito.

A súa vez, a *Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, establece no seu artigo 53 que o departamento competente en materia de igualdade garantirá a existencia de puntos de encontro familiar, como un servizo que facilita e preserva a relación entre as e os menores e as persoas das súas familias en situacións de crises, e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas, dispoñendo ademais que as normas e os requisitos a os que terán que axustarse os puntos de encontro familiar estableceranse regulamentariamente.

O incremento nos derradeiros anos da demanda dos puntos de encontro familiar, transformounos nun recurso imprescindible para a nosa sociedade, a pesares do cal seguen sendo poucos (sete en toda a comunidade autónoma) e estando mal dotados.

Esta falta de medios e de persoal orixina a insuficiencia do recurso, e listas de espera que son inaceptables tanto para os nenos e nenas que teñen que percorrer longas distancias, o que implica graves prexuízos tanto para a súa actividade escolar coma persoal pola carga emocional e o esgotamento acumulado; así como



para quen ten concedido un réxime de visitas polo órgano xudicial, ou a administración.

No ano 2013 a Xunta de Galicia decidiu trasladar o Punto de Encontro Familiar de Ourense, ás instalacións da Casa da Xuventude. As profesionais do eido do social, as organizacións feministas, e dende o PSdeG, levamos tempo denunciando a situación na que se atopa, insistindo en que non é o emprazamento axeitado dado que é un espazo que está excesivamente exposto, e que non protexe axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo.

Recentemente, as organizacións feministas volveron a denunciar a situación na que se atopa este servizo pola:

- Revitimización das vítimas de violencia machista ao tratar a intervención nestes casos como si se tratara simplemente de divorcios conflitivos, reproducindo e perpetuando estereotipos sobre estas mulleres e a violencia, e deixando aos meniños e meniñas en situacións de desamparo e risco.
- Negativa dende o servizo do Punto de Encontro Familiar a coordinarse con distintas profesionais dos servizos sociais, sanitarios e educativos, que atenden aos nenos e nenas e familias que acoden ao punto de encontro, saltándose os principios reitores da *Ley Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género* e os principios xerais da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e obviando a obriga legal de garantir un tratamento integral da atención a mulleres que sofre violencia de xénero.

O pasado 19 de setembro debateuse na Comisión 5ª do Parlamento de Galicia, unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, que finalmente foi rexeitada polos votos en contra do PP, na que solicitábase que a Xunta de Galicia:

“1 Realizara de maneira urxente unha inspección do funcionamento, aplicación dos protocolos, e dos medios materiais dispoñibles no Punto de Encontro Familiar de Ourense.

a) Trala realización da inspección elaborábase un informe nun prazo non superior a tres meses, no que se recollerán as deficiencias detectadas, así como as medidas que se van a implementar para solventalas e o cronograma de actuacións e orzamento das mesmas.



b) O devandito informe remitirase aos grupos parlamentarios da cámara galega.

2 Relocalizara, durante a X lexislatura, o Punto de Encontro Familiar de Ourense nun emprazamento máis axeitado, que garanta que se protexa axeitadamente a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo”

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Tendo en conta as denuncias realizadas nos pasados meses polas organizacións feministas, realizou a Xunta de Galicia no Punto de Encontro Familiar de Ourense algunha inspección a maiores das ordinarias, sobre o funcionamento do mesmo?
2. En caso afirmativo, cal foi o resultado da mesma?
3. Reuniuse algún membro da Xunta de Galicia coas organizacións feministas que denunciaron recentemente a existencia de deficiencias no funcionamento do PEF de Ourense?
4. Cantas persoas calcula que realizaron algunha actividade e/ou visitaron a Casa da Xuventude durante o ano 2018?
5. Tendo en conta os datos anteriores, considera a Xunta de Galicia que a actual situación do PEF de Ourense garante a confidencialidade necesaria para este tipo de servizo?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/09/2019 12:43:41

María Luisa Pierres López na data 24/09/2019 12:43:53

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2019 12:44:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á creación do servizo de extinción de incendios e salvamento para os concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotobade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas e A Lama.

1. Tal como se recolle na lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, “o Consello da Xunta é o órgano superior de dirección e coordinación da protección civil e da xestión de emerxencias da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Segundo esta norma, correspóndelle ao Consello da Xunta:

- a) Aprobar as disposicións de carácter xeral en materia de protección civil e xestión de emerxencias.
- b) Aprobar o Plan territorial de protección civil de Galicia e os plans especiais.
- c) Aprobar o mapa e o catálogo de riscos de Galicia.
- d) Fixar as directrices da política de prevención e autoprotección.
- e) Declarar a situación de emerxencia de interese galego, cando a situación de perigo, pola súa especial extensión ou intensidade particularmente grave, o requira.

A citada lei tamén prevé, na disposición adicional terceira, o seguinte





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“A Xunta de Galicia procederá, no prazo de seis meses desde a súa posta en funcionamento, á elaboración dun plan director dos servizos contraincendios e de salvamento que definirá o modelo de reordenación territorial e a estrutura operativa deles”.

En virtude do establecido nesta lei, os concellos de máis de 20.000 habitantes teñen a obriga de contar con servizo de extinción de incendios e salvamento. No caso das entidades locais de menos de 20.000 habitantes, prevese a obriga das Deputacións provinciais de colaboración para a prestación de servizo, e a tal efecto creáronse os Consorcios Provinciais de Bombeiros, cofinanciados pola Xunta e as Deputacións.

2. A longo dos 12 anos transcorridos desde a aprobación da lei, detectáronse numerosas eivas no sistema galego de emerxencias. Un deles é a deficiente cobertura territorial das emerxencias en determinadas zonas do país, que carecen de servizos de bombeiros e de grupos de emerxencia supramunicipal. Nestas áreas, chamadas “zonas de sombra” os tempos de resposta dos servizos de emerxencias están moi por riba dos 20 minutos, chegando nalgúns casos a 1 hora.

Esta situación é particularmente alarmante no caso dos concellos de Campo Lameiro, parte de Cerdedo-Cotobade, Ponte Caldelas, Moraña e A Lama, que son atendidos desde os parques que ten o Consorcio Provincial de Bombeiros en Ribadumia e Bueu, e os de Forcarei e outra parte de Cerdedo-Cotobade que son atendidos dende o Consorcio do Deza.

A poboación destes concellos está absolutamente desprotexida, sen medios para dar unha resposta áxil e eficaz, como se puxo de manifesto no incendio que tivo lugar en Tenorio en xullo de 2017. Mais aquel non foi un caso único, xa que é unha situación que se repite cando hai calquera emerxencia, como aconteceu o pasado 31 de xullo co incendio dunha casa en Ponte Caldelas, no que os bombeiros do Consorcio Provincial con base en Bueu, tardaron 40 minutos en chegar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde fai xa máis de 2 anos, a Xunta de Galiza anunciou a revisión do mapa de emerxencias e a comarcalización dos parques de bombeiros das cidades, mais pouco se avanzou ao respecto. Resulta pois imprescindible e urxente que a Xunta de Galiza, a Deputación de Pontevedra estuden e acorden, en colaboración cos concellos e a través dos consorcios, unha solución para darlle unha cobertura axeitada ás emerxencias nos citados concellos do interior da provincia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1º:

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para dotar do servizo de extinción de incendios e salvamento os concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotabade, Forcarei, Moraña, Ponte Caldelas, A Lama e en xeral todos os que están por riba dos 20 minutos?

Considera o goberno galego que é unha boa solución que 59 concellos da provincia de Pontevedra sexan atendidos por 5 parques de bombeiros?

Considera o goberno galego que 91 bombeiros son suficientes para atender unha provincia como Pontevedra?

Considera o goberno galego que os turnos de 3 persoas nos parques provinciais e moitas veces no Deza ofrecen seguridade na intervención aos bombeiros?

Como valora a Xunta de Galiza que os tempos de resposta sexan de arredor de unha hora en moitos lugares desta zona de sombra?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que medidas prevé adoptar a Xunta de Galiza para dotar do servizo de extinción de incendios e salvamento ós concellos de Campo Lameiro, Cerdedo-Cotabade, Forcarei, Ponte Caldelas e A Lama?

Que medidas pretenden levar a cabo dende os Consorcios nos que participan para estudar cos concellos unha solución á deficiente cobertura que teñen estes?

Cal considera a Xunta de Galiza que é a mellor solución para mellorar a cobertura e reducir os tempos de resposta nos concellos da provincia?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 12:51:44

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 12:51:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 12:51:58

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 12:52:06

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 12:52:13

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 12:52:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre contaminación río Umia.

1. A construción do encoro da Baxe tivo un forte impacto negativo no río Umia, tanto no que ten que ver coa calidade das augas como como equilibrio ecolóxico do río. Aínda que segundo a Xunta a construción do encoro tiña como finalidade principal evitar as riadas e asolagamentos na vila de Caldas, a realidade é que a obra provocou males maiores dos que pretendía resolver: converteu un río vivo nun río tóxico e provocou ameazas para a saúde pública e para as actividades podutivas, recreativas e de lecer.

2. A historia do encoro da Baxe é a crónica dunha estafa, perpetrada contra a vontade maioritaria expresada polas corporacións municipais de Caldas, Moraña e Cuntis. Moito tempo despois confirmouse o que xa desde o comezo denunciada a Plataforma en Defensa do río Umia, as organización ecoloxistas e o propio BNG: detrás da construción do encoro había unha operación especulativa e lucrativa através dunha explotación hidroeléctrica por parte dunha empresa privada.

3. Malia as sucesivas denuncias sobre a contaminación do encoro e do río por cianobacterias e microcistina, e sobre os riscos para o ecosistema e para as persoas, a Xunta nega a maior e intenta ocultar a realidade. Na reunión co Comité de crise de Caldas que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro en Pontevedra, a conselleira de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Infraestruturas, Ethel Vázquez, mesmo chegou a afirmar que nunca se detectara a presenza de microcistina no encoro do Umia, malia a que un informe de 2013 encargado pola administración autonómica e realizado polo director da Estación de Hidrobioloxía da USC, Fernando Cobo, rexistrou a presenza da toxina, que tamén foi detectada en análíticas que se fixeron en 2010 en Caldas e Portas.

4. É evidente que o encoro e o río Umia están nunha situación de alarma por contaminación. Así se deduce do estado do encoro, da alerta pola proliferación de algas decretada por Augas de Galicia e que se prolonga xa por máis de ano e medio. A contaminación por cianobacterias tamén afecta aos sistemas de abastecemento de auga potábel ao longo do curso do río, polos problemas que causan as algas no proceso de potabilización. E as consecuencias da contaminación tamén afectan aos usos lúdicos do río, como se puido comprobar coa prohibición do baño no río Umia, que se decretou o pasado mes de agosto.

Máis alá de todas estas evidencias aínda quedan por resolver moitas dúbidas. Polo que se fai imprescindible a realización dunha análise exhaustiva sobre a calidade das augas, a contaminación por microcistina e os posibles efectos para a saúde humana e para o ecosistema, incluíndo a posíbel afectación aos recursos pesqueiros e marisqueiros da ría de Arousa.

5. O BNG sempre defendeu –e segue defendendo- que a solución a este desastre ambiental pasa polo desmantelamento do encoro da Baxe. Mais en tanto que non se acorda esta medida, entendemos que se deben poñen en marcha diferentes iniciativas para garantir a calidade das augas e informar á poboación sobre os potenciais riscos derivados do actual estado de contaminación do río Umia.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
2ª:

Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a contaminación do río Umia?

Como valora o goberno galego os riscos de contaminación por microcistina no
río Umia?

Ten previsto a Xunta de Galiza encargar algún estudo sobre a contaminación do
río por cianobacterias e microcistina, e sobre os potenciais riscos para a saúde humana e
para o ecosistema?

En atención a que riscos se decretou a prohibición do baño no río Umia o pasado
mes de agosto?

Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para combater a
contaminación do río Umia?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de realizar un estudo sobre a
viabilidade do desmantelamento do encoro da Baxe?

Que cantidades ingresa a Xunta de Galiza anualmente en concepto de canon
pola explotación hidroléctrica do encoro?

Que investimentos realizou a Xunta de Galiza nos concellos afectados polo
encoro?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 13:32:52

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 13:32:59

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 13:33:07

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 13:33:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 13:33:21

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 13:33:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.^a**, sobre a evolución da cifra de negocios na industria.

Os datos máis recentes da estatística da Cifra de Negocios na Industria, confirman a evolución negativa da actividade industrial galega. Segundo o INE, Galicia é unha das catro Comunidades Autónomas de todo o Estado onde a taxa de variación interanual do índice da Cifra de Negocios da Industria sufriu unha caída no mes de xullo, concretamente de 0,1 puntos. Este é o cuarto mes consecutivo con caídas dese índice para Galicia, o que está a reflexar a delicada situación pola que atravesamos a produción industrial no noso País.

Á caída da Cifra de Negocios súmanse outros indicadores da actividade industrial, como o Índice de Producción Industrial que, no caso de Galicia, xa encadea oito meses consecutivos de caída en taxa de variación interanual. O dato máis recente, correspondente ao mes de xullo de 2019, reflicta unha caída tamén de 0.1 puntos, fronte a un crecemento medio no Estado de 2,9. No que vai de ano o IPI galego acumula xa unha caída do 6.2 puntos.

Outros indicadores recentes, como a evolución dos Ingresos Tributarios, en xeral positiva, pero con fortes caídas na recadación polo Imposto de Sociedades, confirman a tendencia negativa da industria galega, pero é sobre todo a evolución do emprego industrial en Galicia, cunha perda de preto de 40.000 empregos industriais nos últimos dez anos, a que debería acender as alarmas da Xunta de



Galicia, facela espertar do seu letargo industrial e pasar a adoptar unha posición proactiva en políticas industriais.

Perante a acumulación de indicadores negativos da actividade industrial en Galicia, o Grupo Parlamentar do Grupo Común da Esquerda formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. Como explica o Goberno galego a concatenación de indicadores negativos sobre a actividade industrial en Galicia?
2. Considera a Xunta de Galicia que os datos recentes dos indicadores estatísticos referidos á actividade industrial galega son compatibles cos obxectivos establecidos no Plan Estratéxico Galicia 2015-2020?
3. Cales son as causas da caída do indicador da cifra de negocios da industria en Galicia, rexistrada nas estatísticas do mes de xullo publicadas polo INE?
4. Ten pensado a Xunta de Galicia adoptar algunha medida para evitar o devalo da actividade e do emprego industrial no noso País?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:





José Manuel Lago Peñas na data 24/09/2019 17:31:58

Julia Torregrosa Sañudo na data 24/09/2019 17:32:25



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López, Teresa Porritt Lueiro e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

No Diario Oficial de Galicia do 12 de febreiro deste exercicio, a Consellería de Cultura e Turismo publicaba a Orde do 21 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a institucións sen fin de lucro e entidades locais galegas, destinadas ao financiamento de gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado, e se convocan para o ano 2019.

Estas axudas teñen como finalidade contribuír á promoción e cooperación cultural e á difusión e animación cultural a través de subvencións para financiar as actuacións relativas á organización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames musicais, teatrais, de danza e outras artes escénicas que teñan lugar no territorio de Galicia e que dediquen unha especial atención á programación e difusión da música, o teatro e a danza de Galicia.

Como posibles beneficiarios destas axudas están, entre outros, as entidades locais galegas que poden optar cunha solicitude individual ou mediante xestión compartida, as mancomunidades de concellos e consorcios locais de Galicia constituídos exclusivamente por concellos; así mesmo, poderán ser beneficiarias as entidades resultantes dunha fusión municipal.

A dotación orzamentaria inicial máxima destas axudas para o grupo de entidades locais é de 20.000 euros e a axuda máxima por beneficiario é de 6.000 euros que, en ningún caso, poderá exceder o 70 % do orzamento total do proxecto a realizar; podendo incrementarse ata 7.500 euros cando se trate de solicitudes conxuntas.

No Diario Oficial de Galicia do 2 de agosto de 2019, a Consellería de Cultura e Turismo publicou a Resolución do 12 de xullo de 2019 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 21 de decembro de 2018, resultando que para o grupo de entidades locais só hai tres concellos beneficiados (Bande, Cangas e Viveiro) cun importe total de 12.250 €, polo que queda un remanente na partida orzamentaria inicial de 10.250 €.



Por iso as deputadas que asinan preguntan:

Considera o Goberno galego que a finalidade e os requisitos destas axudas se corresponde coas necesidades das entidades locais galegas para financiar os gastos correntes derivados da realización de festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2019 18:08:19

María Luisa Pierres López na data 24/09/2019 18:08:41

María Teresa Porritt Lueiro na data 24/09/2019 18:08:58

Patricia Vilán Lorenzo na data 24/09/2019 18:09:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, relativa á reapertura do Centro de Formación Aixola.

1. O Centro de Formación Aixola é un centro formativo dependente da consellaría de Pesca que iniciou a súa actividade no ano 1997 no Porto de Marín. Desde o ano 2004 a xestión do proxecto está encomendada ao Centro Tecnolóxico do Mar-Fundación CETMAR.

Trátase dun centro pioneiro e singular, referente na formación de profesionais do sector naval e pesqueiro, que ofrece formación teórico-práctica encamiñada ao mercado laboral, con cursos de Composites, Madeira, Instalacións, Redes, Plásticos, Pneumáticas ou Velería.

Un dos obxectivos da Aixola é a integración ou reintegración no ámbito laboral. Segundo os datos recollidos na páxina web, o centro presenta uns índices elevados de inserción laboral, que no curso 2015-2016 superou o 80% nas áreas de madeira, composites e redes.

Ademais da inserción laboral, o centro tamén desenvolveu un importante labor relacionado coa construción e reparación de barcos, en colaboración con distintas administracións. E a maiores tiña abertas liñas en materia de I+D+I que quedaron paralizadas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Malia os bos resultados do centro, pechou a súa actividade a finais do curso 2016-2017 e leva xa máis de dous anos pechado. Aínda que existen numerosas persoas interesadas en facer os cursos, non se coñece a data de reapertura da escola.

Segundo fontes da Consellaría do Mar, a razón do peche temporal do centro é a reordenación do financiamento, que procedía do Fondo Europeo de Pesca (2007-2013) e que debía ser adaptado aos marcos normativos do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (2014-2020). A verdadeira razón parece estar na falta de entendemento entre a Consellaría do Mar e a de Industria e Emprego, que ten as competencias en materia de formación para o emprego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:

1. Por que razón permanece pechado o centro A Aixola, dependente ate o ano 2017 do CETMAR?
2. Cando prevé a Xunta de Galiza reabrir o centro e de que departamento vai depender?
3. Que financiamento recibiu este centro do Fondo Europeo de Pesca (2007-2013)?
4. Que financiamento recibiu este centro do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca (2014-2020)?
5. Xustificou convenientemente a Xunta de Galiza os fondos europeos recibidos para este proxecto?
6. Cantas persoas están inscritas como interesadas nos cursos da Aixola?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019.

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 19:14:13

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 19:14:18

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 19:14:25

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 19:14:33

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 19:14:40

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 19:14:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á queima de aceites industriais na planta de ENCE en Lourizán.

A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) denunciou publicamente no mes de xullo o uso de 18.000 toneladas de aceites industriais para procesos de combustión na planta de ENCE en Lourizán.

De confirmarse esta denuncia, estaríamos diante dun feito moi grave posto que, ademais da normativa estatal e europea que prohíbe a queima destes aceites sen tratar por producir partículas tóxicas moi prexudiciais para o medio e a saúde humana, a queima destes aceites está expresamente prohibida na AAI concedida a ENCE, que só permite a utilización como combustible de biomasa.

Cómpre ter en conta que na resposta enviada ao medios o pasado xoves 18 de xullo, ENCE veu a recoñecer o uso de aceites industriais procesados, polo que estaría a incumprir a AAI. E con respecto ao cumprimento da normativa que regula o uso destes aceites, hai que ter en conta a aprobación en 2018 dunha norma estatal sobre aceites usados procesados que é moi restritiva, se ben establece unha moratoria para o seu cumprimento de 24 meses que remata en febreiro de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante destes feitos, o Grupo Parlamentar do BNG considera necesario abrir unha investigación por parte da Xunta de Galiza e que se extreme o control sobre as emisións contaminantes da fábrica de Lourizán, polo grave risco que suporían para a saúde humana as partículas tóxicas producidas pola combustión de aceites industriais.

A este respecto, o BNG manifesta a súa preocupación polos datos proporcionados o pasado xoves por ENCE a respecto dos puntos de control das súas emisións aéreas, nos que cita a estación de medición da Xunta en Campolongo que segundo Meteogalicia está ubicada nesa zona porque ten como finalidade medir a contaminación producida polo tráfico e pola actividade doméstica e residencial, e non a contaminación industrial.

Ademais ENCE fai referencia a dúas cabinas de medición propias, unha delas situada no Areeiro e outra en Campelo. Máis alá de cuestionar o emprazamento e o tipo de medición que se fai nestas estacións, a realidade é que a propia Xunta de Galicia na última revisión da AAI xa fixo constar que “a estación de Campelo deberá trasladarse por non ser representativa da influencia da actividade da instalación con respecto á saúde da poboación”. O órgano competente da Xunta deu un prazo de tres meses, rematado en decembro de 2018, para facer efectivo este traslado.

En definitiva, estamos diante dunha nova burla e dun comportamento irresponsábel da empresa ENCE, que conta co consentimento e a complicidade da Xunta de Galiza. Por este motivo, o BNG esixe a máxima transparencia no control das emisións contaminantes da fábrica e que a Xunta de Galiza exerza as súas funcións de control e vixilancia coa finalidade de garantir a calidade do ar e a saúde da poboación.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que medidas levou a cabo o goberno galego en relación coa queima de aceites industriais na planta de ENCE en Lourizán?
2. Considera a Xunta de Galiza que esta queima de aceites incumpre as condicións da Autorización Ambiental Integrada?
3. Cal é a situación actual das estacións de medición da contaminación atmosférica da planta de ENCE en Lourizán?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 19:34:23

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 19:34:28

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 19:34:35

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 19:34:42

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 19:34:50

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 19:34:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á queima de aceites industriais na planta de ENCE en Lourizán.

A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) denunciou publicamente no mes de xullo o uso de 18.000 toneladas de aceites industriais para procesos de combustión na planta de ENCE en Lourizán.

De confirmarse esta denuncia, estaríamos diante dun feito moi grave posto que, ademais da normativa estatal e europea que prohíbe a queima destes aceites sen tratar por producir partículas tóxicas moi prexudiciais para o medio e a saúde humana, a queima destes aceites está expresamente prohibida na AAI concedida a ENCE, que só permite a utilización como combustible de biomasa.

Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal, así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóviles.

Xa en outubro de 2010 contemplábase polo propio executivo galego unha rebaixa das propostas iniciais, que supuxeron unha minoración de 621 millóns de euros sobre os 4.265 millóns de euros previstos no ano anterior. Despois, pola vía dos feitos, volveron a recortar esas contías, sen que a Xunta de Galicia dese conta de ningún proceso de planificación.

Pero incluso esas previsións, que abarcaban ata o ano 2020, non se cumpriron, pois están pendentes de acometer unha maioría de obras viarias en estradas



autónomas, pese ao tempo transcorrido, e que constitúen infraestruturas básicas para moitos concellos e comarcas de Galicia.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en tódolos itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdobreable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Variante da Silva cunha lonxitude de 1,9 km, un orzamento de 5.700.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2020.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que á Variante da Silva se refire, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada variante da Silva?
- 2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2020 para esta actuación?
- 3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 5.700.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación? De ser así, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/09/2019 17:50:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2019 17:51:01



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2ª.

No horizonte de que a actual lexislatura remate dentro dun ano, o próximo ano 2020 será o último no que a actual Administración da Xunta de Galicia, en concreto a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade teña a responsabilidade de dinamizar as actuacións relacionadas coas infraestruturas viarias.

Como é sabido, o Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica 2009-2015, coñecido como plan MOVE, foi deseñado sobre o que o Goberno do Sr. Núñez Feijóo considerou como liñas básicas: orientar a política en materia de infraestruturas ao servizo dunha concepción estratéxica e global do país, contribuíndo á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns, mellorar as condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas, garantindo o acceso da poboación e das mercadorías ás infraestruturas do transporte con carácter equitativo, universal e global, acadar unha mobilidade sostible, compatibilizando o desenvolvemento económico coa preservación do medio ambiente e garantir a seguridade no transporte, mellorando as condicións das infraestruturas e dos usuarios.

Sobre estas liñas básicas, establece unha serie de obxectivos que necesitan unha temporalización (ou horizontes temporais como os denomina) para ser acadados.

Á súa vez, establece unha nova clasificación da rede viaria galega entre a que se atopan as vías de altas prestacións (VAP), que está constituída polas vías de maior entidade que comunican a comunidade autónoma co resto de España e Portugal; así como as principais áreas metropolitanas entre si, conformando este grupo autoestradas, autovías, corredores e vías para automóbiles.

Xa en outubro de 2010 contemplábase polo propio executivo galego unha rebaixa das propostas iniciais, que supuxeron unha minoración de 621 millóns de euros sobre os 4.265 millóns de euros previstos no ano anterior. Despois, pola vía dos feitos, volveron a recortar esas contías, sen que a Xunta de Galicia dese conta de ningún proceso de planificación.

Pero incluso esas previsións, que abarcaban ata o ano 2020, non se cumpriron, pois están pendentes de acometer unha maioría de obras viarias en estradas



autónomas, pese ao tempo transcorrido, e que constitúen infraestruturas básicas para moitos concellos e comarcas de Galicia.

O programa de vías de altas prestacións deseñouse sobre o compromiso que existía (segundo o Goberno da Xunta de Galicia) para impulsar en todos os itinerarios de nova construción a execución de autovías ou, no seu caso, de vías de circulación con deseño desdoblable para transformalas en autovías cando o tráfico así o demandase e de lograr que o 80 % da poboación de Galicia se situase a menos de 10 minutos dunha VAP.

O certo é que dentro da planificación existente figura a Conexión Meirama - N-550 -AC-542 cunha lonxitude de 4,8 km, un orzamento de 11.760.000 € e un horizonte temporal que sitúa o remate desta actuación no ano 2015.

Ante as dúbidas existentes entre o previsto na planificación inicial (da que non se coñecen modificacións formais) e a súa concreción no que a Conexión Meirama - N-550 -AC-542 se refire, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Cal é o estado actual da actuación denominada Conexión Meirama - N-550 - AC-542?
- 2ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento do horizonte temporal establecido no ano 2015 para esta actuación?
- 3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia manter o investimento inicial de 11.760.000 € ou a dita cifra vai sufrir algunha modificación? De ser así, cal é a magnitude desa modificación?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 24/09/2019 17:51:41

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 24/09/2019 17:51:58



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Teresa Porritt Lueiro e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Un titular de prensa no “Faro de Vigo”, de 24 de setembro de 2019: “La reforma del CPI A Cañiza, valorada en 500.000 euros, comenzará en noviembre”.

A noticia acompañábase por unha fotografía da conselleira de Educación, Carmen Pomar, xunto con Miguel Domínguez, ex alcalde do Partido Popular, concelleiro na oposición e portavoz do Grupo Popular no Concello de A Cañiza, nunha reunión celebrada en Santiago de Compostela, no despacho oficial da señora conselleira. A Cañiza era un feudo do PP, pero perdeu a maioría absoluta no pasado mes de maio e deixou de gobernar alí, mais da noticia semella deducirse que a relación institucional/oficial segue a estar entre a Xunta de Galicia e o Partido Popular. A propia conselleira de Educación adiantou desta guisa que se reformará o CPI nos vindeiros meses. E o certo é que o Concello e o actual alcalde, o socialista Luis Piña, non teñen noticia oficial algunha sobre o proxecto desta reforma.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Pensa o Goberno da Xunta de Galicia que é normal que os conselleiros reciban nas sedes institucionais a portavoces da oposición de calquera concello para falar de asuntos municipais competencia dos concellos e, polo tanto das súas equipas de goberno?
2. Parécelle normal ao Goberno que a conselleira de Educación fixese ese comunicado sen falar previamente cos responsables do Goberno municipal de A Cañiza?
3. Está a utilizar o Goberno as sedes institucionais para facer propaganda electoral do Partido Popular?
4. Non lle parece ao Goberno que se falta ao respecto á Xunta de Galicia e a toda a cidadanía galega á que representa a conselleira?



5. Por que non recibiu a conselleira a este señor na sede do PP?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Teresa Porrirt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 25/09/2019 10:28:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 25/09/2019 10:28:55

María Teresa Porrirt Lueiro na data 25/09/2019 10:29:05

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2019 10:29:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

Nos últimos meses téñense dado diferentes situacións que fan crecente a preocupación do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a situación de Alcoa en San Cibrao. Cómpre que recordar que ás incertezas da industria do aluminio e electrointensiva que vivimos desde finais de 2018 engadíanse novas negativas respecto da parálise de varias das cubas. Deste xeito, xa o pasado 21 de agosto o Comité de Empresa denunciaba, após unha reunión co novo presidente de Alcoa no Estado Español, que a empresa mantén a parada das 32 cubas até o 23 de setembro, cuestión preocupante e que recorda á situación previa de Coruña e Avilés.

O pasado martes 24 de setembro presidente de Alcoa España, Álvaro Dorado reuníase cos traballadores e mantiña as sombras sobre o futuro da planta así como a decisión de non reactivar as cubas paralizadas, cuestións que non é en absoluto unha boa nova.

Así mesmo, no mes de setembro o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego impulsamos un acordo parlamentar que comprometía á Xunta de Galiza a desenvolver diferentes xestións sobre este asunto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
6ª:

Que accións vai desenvolver a Xunta de Galiza diante da crise de Alcoa San
Cibrao?

Como valora o goberno galego a situación de Alcoa San Cibrao?

E da industria galega por extensión?

Tense reunido o goberno galego coa empresa para demandar a activación das
cubas paralizadas? Ten intención de facelo?

Que pasos deu a Xunta de Galiza para cumprir os acordos do mes de setembro e
avanzar nunha mesa de negociación con Alcoa e o Comité de Empresa para demandar a
activación das cubas en suspenso e velar polo mantemento do emprego?

Como valora o goberno galego a evolución das negociacións pendentes co
Estado en materia enerxética? Valora negativamente a falta de soberanía de Galiza ao
respecto?

Considera que está en vías de se resolver o problema da enerxía para a industria
galega?

Considera lóxico que un país produtor como Galiza non poida ser competitivo
neste ámbito?

Considera que debe substituírse o sistema de interrompibilidade?

Ten avaliado o goberno galego o impacto desta situación na industria auxiliar da
Mariña?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2019 10:39:26

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2019 10:39:34

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2019 10:39:40

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2019 10:39:47

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2019 10:39:56





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2019 10:40:04



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e José Manuel Pérez Seco, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª.

En Galicia hai dúas comarcas mineiras, As Pontes de García Rodríguez e Cerceda e as súas contornas respectivas.

Os fondos mineiros, denominados Miner, foron o resultado dos pactos subscritos polo Goberno de España e as organizacións sindicais máis representativas do sector do carbón para desenvolver dende o ano 1997 o “Plan da minería do carbón e de desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras” co fin de impulsar o futuro destas comarcas e concas mineiras mediante un proxecto integral, por unha banda o desenvolvemento económico, de apoio empresarial para a xeración de emprego e, por outra banda, as Infraestruturas para estimular o crecemento económico e a competitividade dunhas zonas que prescindían dun recurso fundamental para o seu propio desenvolvemento económico e social. Estes fondos pactáronse en dúas fases: 1997-2005 e 2006-2012.

Os fondos eran asignados polo Instituto para *la Reestructuración de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineiras* (IRMC) e estaban complementados nun 25% pola Xunta de Galicia.

Na Comunidade Autónoma Galega constituíse a Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 1997-2005 e despois 2006-2012, composta pola Dirección xeral de Industria, Enerxía e Minas, os sindicatos Comisiones Obreiras (CCOO), Unión Xeral dos Traballadores (UXT), o Concello de Cerceda e o Concello das Pontes, coa competencia, entre outras, de aprobar a distribución destes recursos para o apoio empresarial e para o desenvolvemento das infraestruturas.

O Goberno presidido por Mariano Rajoy, no seu primeiro Consello de Ministros, o 30 de decembro de 2011, tomou a decisión de eliminar os denominados fondos Miner, sen ter en conta as contías que xa estaban consignadas nos orzamentos correspondentes a anualidades anteriores, plasmando nos orzamentos do Estado de 2012 unha drástica redución para bolsas e axudas a empresas, e a desaparición das contías para infraestruturas na comunidade autónoma galega, incluídos os compromisos adquiridos con financiamento plurianual.

A Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012 da Comunidade Galega reuniuse por última vez o 29 de febreiro de 2012, na que se acordou, por



unanimidade, facer unha priorización das actuacións que xa tiñan proxecto de cara a conveniar co Instituto para la *Restrukturación de la Minería del Carbón y Desarrollo Alternativo de las Comarcas Mineras* (IRMC) para cada concello, coa finalidade de poder executalos segundo se vaia tendo dispoñibilidade orzamentaria, así como elaborar un escrito en apoio á continuidade do actual Plan do carbón coa inclusión de Galicia na negociación dos futuros plans que se pacten. O importe total das obras que quedaron sen financiamento ascende a 71.992.500,00 €, segundo se comproba no “Anexo Estado actuacións de infraestruturas” da acta da reunión da Mesa do 29 de febreiro de 2012, que se transcribe:

No mes de marzo de 2013, os concellos de Cerceda e as Pontes despois de varios intentos infrutuosos para falar co Instituto e varias conversas coa Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas sen obter ningunha información, enviaron unha carta ao propio instituto na que se lle solicitaba información sobre a situación actual de todos e cada uno dos convenios aprobados pola Mesa para o desenvolvemento do Plan do carbón e dos proxectos presentados, habilitar fondos adicionais ao Plan Miner para financiar os proxectos de anualidades anteriores co fin de que se puideran executar, así como información sobre como se ían recuperar e materializar os investimentos en infraestruturas correspondentes ao exercicio 2012, cuxa dotación orzamentaria era de 0 €.

O 28 de outubro de 2013, unha sentenza ditada polo Tribunal Central do Contencioso Administrativo número 4, corroborou que aquela medida do executivo de Raxoi era ilegal e supuxo unha quebra do mandato constitucional e dos principios democráticos, que obviou a solidariedade territorial e a seguridade xurídica, sen respectar a lealdade entre administracións

No BOE do 6 de agosto de 2014, publicouse o Real decreto 675/2014, do 1 de agosto, polo que se establecen as bases reguladoras de axudas para o impulso económico das comarcas mineiras do carbón, mediante desenvolvemento de proxectos de infraestruturas e proxectos de restauración de zonas degradadas a causa da actividade mineira.

Que o dito Real decreto establece na propia exposición de motivos que o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo acordou coas organizacións sindicais e empresariais, un marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, no que se ten trasladado a necesidade de incluír, entre outras, medidas destinadas a aliviar as consecuencias sociais e rexionais do peche das minas.



Que este real decreto establece e regula a concesión de axudas orientadas a fomentar o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón, entre outras, para a execución de proxectos de infraestruturas de carácter anual ou plurianual que serán financiadas con cargo aos créditos orzamentarios do Instituto para a Reestruturación da Minería do carbón e o desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras (IRMC), no marco da política de desenvolvemento alternativo das zonas mineiras do carbón para o período 2013-2018.

Que o ámbito xeográfico establecido para estas axudas, artigo 4, establece que, con carácter excepcional se poderán contemplar actuacións concretas nos concellos afectados pola minaría do carbón na comunidade autónoma de Galicia e que detalla no Anexo II (A Coruña: A Capela,, As Somozas, Carballo, Carral, Cerceda, Culleredo, Laracha, Mañón, Monfero, Ordes, Ortigueira, San Sadurniño, Tordoia, Pontes de García Rodríguez. Lugo: Muras e Xermade).

Que para a selección das actuacións que se pretendan financiar, crearase unha comisión de cooperación entre o Instituto para a Reestruturación da Minaría do Carbón e o Desenvolvemento Alternativo das Comarcas Mineiras (IRMC) e a Comunidade Autónoma, que se reunirán de modo ordinario, unha vez ao ano.

Cinco anos despois da entrada en vigor do dito Real decreto 675/2014, e a piques de rematar o seu ámbito de vixencia, o 24 de outubro de 2018, o Goberno de España e os sindicatos Comisións Obreiras (CCOO), Unión Xeral dos Traballadores (UGT), a Unión Sindical Obreira (USO), e a Federación nacional de Empresarios de Minas de Carbón (Carbounion) asinaron o *“Acuerdo Marco para una Transición Justa de la Minería del Carbón y el desarrollo Sostenible de las Comarcas Mineras para el Periodo 2019-2027”*, no que se establece que o 27 de maio de 2015 se desenvolveu unha Comisión de Cooperación coa Xunta de Galicia referida a 10 convenios específicos.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que xestión ten feito o Goberno galego ante o Goberno do Estado durante estes seis anos para recuperar os case 72 millóns de euros dos fondos MINER eliminados unilateralmente polo Goberno do Sr. Mariano Rajoy?

2ª) O Goberno galego presentou o escrito en apoio á continuidade do actual Plan do Carbón coa inclusión de Galicia na negociación dos futuros plans que se pacten, tal e como se aprobou por unanimidade na Mesa do Carbón desenvolvida o 29 de febreiro de 2012?



3ª) Cal é o contido da Comisión de Cooperación coa Xunta de Galicia desenvolvida o 27 de maio de 2015 referida a 10 convenios específicos?

4ª) Que xestións ten feito a Xunta de Galicia co Goberno do Estado neste período 2014-2018 para constituír a mesa entre a Comunidade Autónoma galega e os concellos relacionados no anexo II do RD para establecer a selección das actuacións e redactar os convenios de colaboración para cada unha das actuacións elixidas?

3ª) Vai a Xunta de Galicia convocar a Mesa para o Desenvolvemento do Plan do Carbón 2006-2012, co fin de recuperar os fondos anulados unilateralmente polo Goberno central no ano 2011?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 25/09/2019 13:08:29

Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/09/2019 13:08:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**.

O pasado 25 de setembro de 2019, durante o Debate do Estado da Nación o señor Presidente da Xunta de Galiza anunciou a creación dunha “Oficina xudicial de atención ás vítimas que centralice todos os apoios”.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego consideramos que a mellora da atención no ámbito xudicial é un aspecto fundamental na loita contra a violencia machista, pois son aínda moitas as cuestións pendentes. Se ben o nacemento no ano 2005 de xulgados especializados e outros pasos teñen sido moi importantes na vida de moitas mulleres, tamén é certo que debemos atallar as súas deficiencias con maior dilixencia. É clave un desenvolvemento pleno e máis xusto do marco legal, para que este non se queden nunha mera declaración formal e se proceda a súa aplicación material.

Nese sentido, temos proposto en reiteradas ocasións a creación dunha unidade específica de Violencia Machista no ámbito da Dirección xeral de xustiza encargada de facer cumprir as leis contra a violencia de xénero e facilitar unha maior fiscalización, seguimento e mellora. Cuestións tan elementais como a formación dos operadores





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xurídicos ou a habilitación de espazos seguros e íntimos para as vítimas teñen aínda necesidades de mellora, por exemplo.

É necesario así mesmo valorar cal é a evolución, resultado e perspectiva dos reforzos anunciados nesta lexislatura para o funcionamento das Oficinas de Atención ás Vítimas dos xulgados das sete cidades e da previsión de habilitación de salas de agarda para vítimas de violencia de xénero.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Como valora o goberno galego a atención ás vítimas de violencia machista no ámbito da xustiza?

En que consiste a creación dunha “Oficina xudicial de atención ás vítimas que centralice todos os apoios”?

Ten ou terá residencia física? En que lugar? Cal é a conexión co resto de territorio? E cos demais recursos?

Ten ou terá persoal adscrito exclusivo? Canto e con que perfís profesionais? Serán empregados e empregadas públicas? Como se garante a formación en materia de violencia?

Cal é a evolución da planificación que anunciou a Xunta de Galiza no ano 2019 respecto do aumento de salas de agarda para vítimas de violencia de xénero nos xulgados galegos?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora a atención ás vítimas de violencia machista após os anuncios de reforzo dos sete xulgados galegos?

Que valoración fai a Xunta de Galiza do seu traballo para mellorar o tratamento no ámbito xudicial da violencia machista?

Considera cumpridos os obxectivos da lei galega de violencia machista? Con que valoración?

Considera cumpridos os obxectivos da lei estatal de violencia machista? Con que valoración?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2019 16:27:58

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2019 16:28:15

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2019 16:28:24

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2019 16:28:32

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/09/2019 16:28:38

Ana Pontón Mondelo na data 25/09/2019 16:28:45



Á MESA DO PARLAMENTO

Xan Xosé Jove González e Paula Quinteiro Araujo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar **Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8.ª**.

Durante o presente mes de setembro a Secretaria Xeral de Agricultura, Pesca e Alimentación mantivo unha reunión con representantes do sector da sardiña para analizar a situación da campaña e as posibles medidas a acordar para as seguintes. Durante esta xuntanza trasladouse o acordo con Portugal para manter as 1.799 toneladas de captura para o total do 2019.

Tendo en conta os datos científicos que serán aportados polo CIEM que se coñeceran en novembro, Galicia debería establecer perante o Goberno central determinadas consideracións fundamentais en canto o reparto interno e, sobre todo, entre as distintas artes.

Polo exposto, as deputadas asinantes presentan as **seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:**

- 1.ª) Que valoración fai o Goberno galego da xuntanza celebrada en setembro?
- 2.ª) Que iniciativas vai trasladar o Goberno galego ao central para a xestión da sardiña ibérica?
- 3.ª) Cal é a posición do Goberno sobre o total reservado para o Xeito?



4.ª) Cando ten previsto o Goberno exercer as súas competencias en augas interiores para establecer un plan propio para a explotación da sardiña nestas augas?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2019.

Asdo.: Xan Xosé Jove González

Paula Quinteiro Araújo

Deputado e deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Xan Xosé Jove González na data 25/09/2019 18:20:25

Paula Quinteiro Araújo na data 25/09/2019 18:20:34



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e María Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Como consecuencia da vaga de incendios que tiveron lugar durante o ano 2017 no noso país, e os innumerables danos materiais e lamentablemente persoais que provocaron, a Xunta de Galicia con competencias en materia forestal, modificou a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Como resultado desta modificación, a Xunta de Galicia obriga ás administracións locais (administracións sen ningún tipo de competencia sancionadora na materia) a realizar as comunicacións aos propietarios dos montes para informarlles da súa obriga de xestionar a biomasa das redes secundarias (redes que teñen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación).

Por exemplo, no caso de Narón, ademais dos expedientes que xa lle viñan tramitando e conscientes de que resultaba inviable operativamente a inspección no prazo dado pola Xunta das 4.000 parcelas que constitúen as redes secundarias, optouse por notificar por correo certificado e comunicar ás 2.500 persoas propietarias destas parcelas as súas obrigas.

O resultado do esforzo realizado é observable recorrendo o termo municipal e pódese constatar pola redución do número de denuncias con respecto a anos anteriores, xa que foron moitos os propietarios que decidiron cumprir en prazo coas súas obrigas.

Non obstante, algúns veciños veciñas de Narón non obtiveron o resultado desexado e seguen esperando a que se limpen as parcelas e se retiren as especies arbóreas prohibidas que ameazan a súa seguridade.

Mediante un escrito do 20 de marzo de 2019 o concello de Narón recórdalle á Consellería do Medio Rural e á Consellería de Cultura e Turismo, que a situación de abandono das parcelas, propiedade da Xunta de Galicia, en concreto a 848 e a 853 do polígono 3 da concentración parcelaria do Val, Meirás, Lago II, deterioran e afectan de modo severo ao Castro de Vilasuso, e a todo o importante entorno arqueolóxico e etnolóxico existente na zona.



Por iso o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal é o prazo previsto pola Xunta de Galicia para cumprir cás obrigas de limpeza e retirada das especies arbóreas prohibidas, nas parcelas número 848 e 853 do polígono 3 da concentración parcelaria do Val, Meirás, Lago II?

2ª) Cal é o orzamento previsto pola Xunta de Galicia para cumprir cás obrigas de limpeza e retirada das especies arbóreas prohibidas, nas parcelas número 848 e 853 do polígono 3 da concentración parcelaria do Val, Meirás, Lago II?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 25/09/2019 18:46:42

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 25/09/2019 18:47:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á construción dunha represa no río Umia para a captación de auga para a illa da Toxa.

O BNG vén de ser informado que no río Umia, á altura de Cabanelas no concello de Ribadumia, hai realizada unha represa a base de terra, pedras e vexetación que impide o normal discurso das augas.

Todo indica que se trata de novo da represa que en outras ocasións tentou realizar unha empresa para captar auga para a Illa da Toxa.

Cando no ano 2016 esta empresa tentou construír unha represa neste lugar o Parlamento Galego aprobou por unanimidade un acordo a instancias do BNG co seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que busque outras alternativas para o subministro de auga á illa da Toxa, si non é suficiente o subministro que chega ao concello de Ogrobe a traveso do subministro público”

É unha evidencia que o PP e a Xunta de Galiza, non tomaron a serio o acordo e non están a realizar a labor de vixilancia e protección do Umia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No BNG sumámonos á disconformidade d@s Veciñ@s con esta actuación, xa que non ten xustificación a realización desta represa, nin desde o punto de vista da necesidade de subministro, xa que os concellos do Salnés captan a maior parte da auga que consumen no río Umia no lugar de Ponte Arnelas, que previo paso pola depuradora ubicada en Treviscoso, distribúe auga aos diferentes concellos, contando o concello de Ogrobe con tubería propia, nin desde o impacto medioambiental para o ecosistema do Umia, ao que hai que sumar o risco río arriba, sobre todo na parroquia de Oubiña, de posíbeis inundacións en canto veñan as choivas.

O Bloque Nacionalista Galego manifestan a súa oposición a esta actuación no río Umia, un río que xa padece múltiples agresión medioambientais, e por iso fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

É coñecedora a Xunta de Galiza da construción dunha represa no río Umia á altura de Cabanelas no concello de Ribadumia?

Deu a Xunta de Galiza autorización para a súa construción?

De ser así quen é o titular da autorización e para que fin?

Existe estudo de impacto ambiental?

Por que non ten efectivizado o acordo acadado por unanimidade no Parlamento de Galiza o 4 de marzo de 2016 que di: “O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a que busque outras alternativas para o subministro de auga á illa da Toxa, si non é suficiente o subministro que chega ao concello de Ogrobe a traveso do subministro público”?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai proceder á restituír o curso normal do río Umia eliminando a represa construída no mesmo á altura de Cabanelas no concello de Ribadumia que imposibilita o discorrer das augas e polo tanto supón unha nova agresión inxustificada sobre o mesmo?

Coida que o río Umia pode aguantar indefinidamente afectacións sobre o seu ecosistema?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 09:45:06

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 09:45:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 09:45:23

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 09:45:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 09:45:41

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 09:45:48





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade de dotar ao novo centro de saúde de Narón de servizo de radioloxía e saúde mental.

O construción dun novo centro de saúde en Narón é unha necesidade que se ven reclamando desde hai dez anos, cando rematando o ano 2008, o Concello de Narón asinaba un protocolo co Servizo Galego de Saúde da Xunta de Galiza, para a construción dun novo centro de saúde, dada a necesidade da dita infraestrutura apreciada polas dúas administracións, non era imaxinábel que a esta altura de 2019 @s veciñ@s de Narón aínda non poidan desfrutar do mesmo, iso si as obras foron inauguradas xa dúas veces polo conselleiro de Sanidade, a finais do 2017 e en febreiro do 2019, sempre previas a períodos electorais.

Para o BNG é motivo de preocupación o atraso na construción da infraestrutura, as obras aínda se iniciaron en maio deste ano 2019, e que ademais non se contemple a reserva de espazos para radioloxía e saúde mental, xa que ningunha das dúas especialidades figuran no proxecto, a pesares de que foi anunciado en diversas notas tanto polo concello como pola Xunta que habería radioloxía.

O BNG considera unha necesidade que, un centro de saúde que vai atender arredor de 35.000 tarxetas sanitarias conte cun servizo de radioloxía e tamén cunha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unidade de saúde mental, ou como mínimo, unha consulta de psicoloxía clínica para que unha avaliación, diagnóstico e tratamento psicolóxico temperá permita descolapsar a Unidade de Ferrol e mellorar a atención que reciba a poboación. De igual xeito que é imprescindible que se aumente o cadro de persoal para que os rateos profesionais-doentes permitan unha atención sanitaria de calidade.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- 1.- Ten previsto a consellería de Sanidade dotar de servizo de radioloxía o novo centro de saúde de Narón?
- 2.- De contemplar o servizo de radioloxía porque aínda non está incluído no proxecto oficial unha vez que as obras xa están reiniciadas?
- 3.- Contempla a consellería de sanidade crear unha unidade de saúde mental en Narón ou atención en psicoloxía clínica?
- 4.- Ten pensado dotar de máis persoal o novo centro de saúde e reducir a rateo por doente, tanto en medicina familiar como enfermería?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Noa Presas Bergantiños





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 11:06:05

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 11:06:14

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 11:06:19

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 11:06:25

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 11:06:32

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 11:06:39



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A perda da condición de área sanitaria de O Salnés foi unha decisión do Goberno autonómico que recibiu unha case unánime contestación por parte de persoas usuarias, profesionais e representantes municipais da comarca.

Esta perda da referencia como área sanitaria conlevou, como era previsible e foi anunciado, unha perda continua de servizos que, a modo de goteo, foron perdendo efectivos en termos de recursos humanos que non foron cubertos. A área de medicina interna tivo unha perda considerable de profesionais, pero non foi a única. A limitación da capacidade de xestión propia do hospital impide a posibilidade de reivindicar melloras e de fortalecer os servizos estratéxicos.

Nas recentes semanas, no conxunto de concellos que teñen como referencia o Hospital do Salnés, estase a conformar un colectivo de afectados polas listas de espera que, ao fin, están sendo afectados por esa perda da condición de área sanitaria e pola política de recortes do Partido Popular do Goberno de Núñez Feijoo. Apuntan a incongruencia entre as listas de espera oficiais e os casos que se coñecen na realidade.

O desleixo do Goberno autonómico na atención á comarca de O Salnés, especialmente no eido sanitario, conleva unha perda de calidade dun servizo público esencial para a cidadanía. Esta situación é inasumible, e súmase a unha atención primaria esmorecida en recursos que, nesta comarca, vén de sufrir o peor verán que se lembra e observa como continuamente non se substitúen profesionais, satúranse as urxencias dos PAC que, á súa vez, tampouco teñen os medios necesarios.

Con toda esta situación, resulta imprescindible afrontar unha política de investimento profundo na comarca de O Salnés para a atención sanitaria, cunha proposta de dotación de recursos materiais e humanos que resolva a situación.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como explica a Xunta de Galicia a proliferación de esperas por atención sanitaria no Hospital do Salnés que non se ven reflectidas nos datos oficiais?
2. Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia da crecente mobilización de usuarios, profesionais e representantes institucionais dos concellos de O Salnés contrarios ás políticas sanitarias que está a desenvolver a Consellería?
3. Valora a Xunta de Galicia que a retirada da condición de área sanitaria á comarca de O Salnés foi satisfactoria?
4. Que volume de persoal asociado directamente ao Hospital do Salnés existe na actualidade? É superior ou inferior ao que existía antes de perder a condición de área sanitaria?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 26/09/2019 12:54:11

Noela Blanco Rodríguez na data 26/09/2019 12:54:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Francisco Casal Vidal, David Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª**, relativa ao Mapa da Transición Sostible de Galicia.

As políticas da Xunta de Galicia revelan unha absoluta irresponsabilidade fronte á emerxencia climática global e, sobre todo, é enganar a cidadanía. O futuro de Galicia non está en queimar carbón de Indonesia, está na Transición Enerxética. O Partido Popular so pensa en protexer os intereses das grandes eléctricas. Hai que pensar mais na cidadanía de As Pontes, de Cerceda e de toda Galicia en nosos fillos e en nosos netos.

As propostas de dar incentivos fiscais a Endesa por contaminar van en contra de todas as políticas dos países mais desenvolto de Europa e mesmo da UE. Pagarlle incentivos por capacidade, é dicir pagarlle a Endesa por estar parada, alguén pode pensar que beneficia aos traballadores de Endesa, das auxiliares ou aos transportistas.

A solución, como se está a facer en toda Europa vai pola potenciación e financiación masiva da transición ecolóxica e por dinamizar as comarcas afectadas negativamente transformando esta ameaza en unha grande oportunidade de futuro. E hai que comezar xa.

O primeiro sería planificar o que se debe facer. Para elo as Directivas Europeas marcan que o instrumento fundamental é a redacción en cada rexión europea do



seu Mapa de Transición Sostible, chamados CLEW (Clima, Terra, Enerxía e Auga). Un documento moi transversal que analiza todas as actividades humanas, xa sexan industriais, extractivas, agrogandeiras, pesqueiras, urbanas, etc. E posteriormente desenvolve estratexias para facer todas estas actividades máis sostibles.

Moitas rexións en Europa xa están traballando en elo, algunhas incluso xa os teñen rematados, xa que serán imprescindibles para conseguir fondos europeos e estatais e determinar que actividades actuais poden considerarse sustentables e cales non, nas que habería que actuar.

En nove meses, antes de terminar esta legislatura, poderíase ter unha versión cero destes Mapas e comezar a vehiculizar fondos europeos e estatais para poñelos en marcha.

Ante a situación mencionada o Grupo Mixto presenta a seguinte **Pregunta ao Goberno para a súa resposta oral na Comisión 6ª:**

- 1.- Coñece a Xunta de Galicia a estratexia europea para desenvolver os Mapas de Transición Sostible nas rexións europeas?
- 2.- Pensa a Xunta de Galicia poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo para desenvolver o “Mapa de Transición Sostible de Galicia (CLEW-Galicia)”, clima, terra, enerxía e auga coa participación das Universidades galegas?
- 3.- Pensa a Xunta de Galicia poñer en marcha de inmediato un grupo de traballo en paralelo ao “CLEW-Galicia”, para desenvolver dous proxectos piloto do mencionado Mapa nas macrocomarcas de Ferrolterra-As Pontes-Eume-Ortega e Cerceda-Ordes-Terras de Melide-Arzúa, baseándose en modelos xa existentes en varias rexións europeas.



4.- Considera a Xunta de Galicia necesario dotar economicamente nos Orzamentos 2020 o desenvolvemento destes Mapas e as primeiras actuacións sacadas das conclusións dos mesmos?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

Asdo.: Francisco Casal Vidal

Luís Villares Naveira

David Rodríguez Estévez

Paula Vázquez Verao

Deputados e deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 26/09/2019 13:06:43

David Rodríguez Estévez na data 26/09/2019 13:06:53

Paula Vázquez Verao na data 26/09/2019 13:07:02





Luis Villares Naveira na data 26/09/2019 13:07:27



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Segundo o IGE, hai en Galicia 58.201 nenos e nenas de idades comprendidas entre 0 a 3 anos. Segundo datos da Xunta de Galicia, so hai prazas en escolas infantís públicas e de xestión pública para o 16,7 % (2 de cada 10) da poboación infantil que está neste tramo de idade, se contamos as concertadas nin para a metade (38,5 %). O ano pasado nas listaxes provisionais de 172 escolas da Galiña Azul quedaron fóra case 4.000 menores.

En novembro de 2016 a Xunta de Galicia anunciaba o incremento da oferta pública na Rede Galiña Azul, comprometéndose á creación durante a X lexislatura de 1.000 novas prazas. Tal e como dixemos daquela, este anuncio do Goberno galego non foi máis que a continuación das políticas do señor Feijoo, que dende a súa chegada á Presidencia da Xunta de Galicia camiñan pola senda da privatización de servizos públicos.

No Debate do Estado da Autonomía celebrado o 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que na actualidade o número de prazas públicas en escolas infantís é na actualidade “o dobre que no ano 2009”.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. A que prazas se refería o presidente da Xunta de Galicia cando asegurou no Debate de Estado de Autonomía de setembro de 2019, que na actualidade o número de prazas en escolas infantís públicas é “o dobre que no ano 2009”?
2. Cal era o número de prazas en escolas infantís públicas no ano 2009?
3. Cal é o número de prazas en escolas infantís públicas no ano 2019?
4. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementaron durante esta lexislatura, cantas corresponden a centros de iniciativa pública?
5. Onde se localizan estes novos centros que se puxeron en marcha durante a X lexislatura?



6. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementaron durante esta lexislatura, cantas corresponden a centros de iniciativa privada con ánimo de lucro?
7. Segundo as previsións da Xunta de Galicia, cal vai ser o incremento do número de prazas en escolas infantís para o vindeiro curso 2020- 2021?
8. Do número de prazas en escolas infantís que se incrementen no vindeiro curso, cantas van a corresponder a centros de iniciativa pública?
9. Ten previsto a Xunta de Galicia modificar os prezos que as familias teñen que pagar polas prazas nas escolas infantís para reducir as actuais contías?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/09/2019 13:48:22

Julio Torrado Quintela na data 26/09/2019 13:48:30



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Teresa Porrirt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco e María de Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O servizo público da xustiza é vital para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Precisamos unha Administración de xustiza moderna, esencial para consolidar o Estado de Dereito e mellorar a calidade da nosa democracia. E a xustiza ten moito que dicir na loita contra a violencia machista.

Os datos indican que as mulleres están máis desprotexidas no mundo rural. Segundo datos do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial (no Informe correspondente aos anos 2016-2018), en torno ao 70 % dos casos de violencia machista prodúcense en poboacións de menos de 100.000 habitantes, o que significa que afecta a todas as poboacións galegas a salvo Vigo, A Coruña e Ourense. Isto implica a necesidade de redobrar os esforzos no ámbito rural. O propio Observatorio fai fincapé en que se deben estender ás zonas rurais todos os recursos de prevención da violencia de xénero, así como os dirixidos a prestar asistencia e protección ás vítimas. E a coordinación entre todos os servizos, sempre necesaria, faise neste campo aínda máis indispensable.

Considerando a dispersión e envellecemento da poboación en Galicia, calquera achegamento dos recursos dos xulgados específicos aos domicilios das posibles vítimas resultará útil, por iso, ademais de ampliar o número de xulgados de violencia contra a muller, cómpre a comarcalización dalgúns servizos propios destes xulgados específicos e que existen só nos partidos xudiciais de dúas cidades galegas. Ao anterior hai que engadir que, en resposta do 8 de abril deste ano, o Goberno dicía que elaboraría un estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego co obxectivo de incrementar o coñecemento sobre a incidencia e as características da violencia de xénero no ámbito rural. Tamén facía referencia a resposta á sinatura dun convenio de colaboración cunha entidade privada como as “Federacións de Mulleres Rurais”



para a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Comparte o Goberno galego que a xustiza ten un papel fundamental na loita contra a violencia machista?
2. Cal é a opinión do Goberno sobre o Informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial e correspondente aos anos 2016-2018?
3. Que pensa facer o Goberno para que as mulleres non estean máis desprotexidas no mundo rural galego?
4. Comparte o Goberno que a comarcalización dos recursos dos Xulgados específicos de Violencia contra a Muller é útil?
5. Xa ten feito o Goberno o estudo específico sobre a percepción da violencia de xénero no medio rural galego que prometía en abril? Cales son os resultados dese estudo?
6. Parécelle serio ao Goberno encomendar a sensibilización e prevención da violencia de xénero e apoio ás vítimas no medio rural a unha entidade privada como “Federacións de Mulleres Rurais”?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
José Manuel Pérez Seco
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 26/09/2019 14:04:08

María Luisa Pierres López na data 26/09/2019 14:05:03

María Teresa Porritt Lueiro na data 26/09/2019 14:05:15

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/09/2019 14:05:23

Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/09/2019 14:05:35

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/09/2019 14:05:47



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No 60 % dos municipios galegos a idade media supera os cincuenta anos, no total da comunidade supera os 46, tres anos máis que España e case sete máis que a UE. A porcentaxe de galegos menores de 20 anos caeu dous puntos desde o ano 2002, do 17,6 % dese ano ao 15,8 % do 2015, mentres que o de maiores de 65 creceu o dobre. A principios deste século, un de cada cinco galegos igualaba ou superaba esa idade, na actualidade son xa un de cada catro.

Neste escenario de declive demográfico, a atención social ás necesidades e demandas das persoas maiores debe ser o obxectivo das políticas sociais que desexen garantir o benestar e a calidade de vida non só das persoas maiores, senón da sociedade no seu conxunto. Unha poboación maior ben atendida, que conte cos recursos axeitados de cobertura das súas necesidades, é indicativo dunha sociedade solidaria e inclusiva. A implicación dos poderes públicos por unha maior cohesión social faise notar non só en que non haxa diferenzas no trato aos distintos sectores da poboación, senón en que dea resposta ás necesidades específicas de cada un deles, facendo posible acadar unha sociedade para todas as idades.

O desleixo de funcións do Goberno de Feijoo levou a que Galicia, unha das comunidades autónomas con taxa de envellecemento máis elevada de todo España e de parte de Europa, teña unha taxa praza residencial/habitante maiores de 64 anos do 3,05 %, moi inferior ao 4,02 % de media estatal, e o 5 % que esixe a propia OMS.

No Debate do Estado de Autonomía, celebrado o 25 de setembro de 2019, o presidente da Xunta de Galicia asegurou que a respecto do ano 2009, “hai o triplo de prazas públicas en centros de día”. Tamén que “no caso dos que optan por unha residencia, teñen un 42 % máis de prazas públicas”.

O Grupo Parlamentario Socialista quere coñecer con exactitude os datos que posúe a administración sobre a oferta, a demanda, e a xestión das prazas residenciais existentes en Galicia.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia das súas políticas de atención aos nosos maiores?
2. Considera a Xunta de Galicia que o número de prazas en residencias públicas de maiores son suficientes para cubrir a demanda existente?
3. Cantas prazas públicas xestionadas directamente pola Xunta de Galicia existen na nosa comunidade autónoma para a atención residencial para persoas maiores?
4. Cal é o número de prazas en residencias de maiores que ten concertadas o Goberno galego?
5. Cales son as entidades e empresas coas que a Xunta de Galicia ten concertadas prazas en residencias de maiores?
6. Durante a X lexislatura, cantas residencias públicas novas se puxeron en marcha? En que concellos se atopan ditas residencias públicas?
7. Durante a X lexislatura, cantos centros de día públicos novos se puxeron en marcha? En que concellos se atopan ditos novos centros?
8. Cal é a demanda de prazas en centros residenciais para persoas maiores?

Pazo do Parlamento, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 26/09/2019 14:22:37

Julio Torrado Quintela na data 26/09/2019 14:22:47





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á necesidade de rectificación da fracasada política de investigación, desenvolvemento e innovación levada a cabo polo goberno galego.

A avaliación da última década en termos de investigación e innovación deixa un panorama con moitas deficiencias, que non prepara Galiza para o futuro e que precisa dunha volta de porca desde varios puntos de vista.

Como resultado das políticas aplicadas polo goberno presidido por Núñez Feijóo temos un país menos innovador e con menos tecido produtivo, tal e como amosan diversos indicadores. Por exemplo, os datos relativos ás empresas innovadoras en Galiza que ofrece o IGE son ilustrativos: o número de empresas con actividades innovadoras, de empresas innovadoras IEN e de empresas tecnoloxicamente innovadoras descendieron dende o 2008 ate o 2016 (último ano publicado) nun 56,9%, nun 55,6% e nun 57,6% respectivamente, polo tanto bastante máis da metade das empresas que realizaban estas actividades no 2008 xa non o fan na actualidade.

Mesmo nos momentos e que tras varios anos de recesión os indicadores macroeconómicos comezaron a ter datos positivos, e malia o progresivo endebedamento do goberno galego, estes recursos non reverteron nun meirande esforzo innovador, a comezar polo financiamento. Por exemplo, no que ten a ver co esforzo porcentaxe de gasto en I+D en relación ao PIB, os datos tamén amosan unha situación preocupante.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este indicador caeu coa chegada de Feijóo ao goberno e a día de hoxe temos que o último dato sitúa o esforzo no último ano dispoñíbel (2016) no 0,87%. Malia que o Plan Innova Galiza 2020 ten como obxectivo acadar o 1,7 de gasto no 2020 este obxectivo é difícil de crer e, ademais, as recomendacións internacionais sitúan como horizonte recomendábel o 3%.

Así mesmo, existen outros indicadores do fracaso como a incapacidade para atraer meirande investimento ou a captación de talento, que evidencian as carencias do propio Plan Innova e do funcionamento da GAIN.

Esta situación é insostíbel e lastra as necesidades de desenvolvemento do noso país nun momento clave no que as incertezas e o risco dunha nova crise económica cuxo alcance descoñecemos. É, polo tanto, máis necesario ca nunca consolidar un sistema innovador co que favorecer o desenvolvemento do noso país e reforzar a economía produtiva, aumentando o contido en coñecemento das súas actividades e reforzando a especialización mediante a creación e dotación dos recursos tecnolóxicos e humanos necesarios.

Galiza precisa dunha aposta estratéxica para avanzar cara un modelo produtivo baseado na innovación e na investigación

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións vai levar a cabo o goberno galego para corrixir o seu fracaso respecto da innovación?

Como valora o goberno galego a evolución dos indicadores referidos a I+D+i?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como avalía o goberno galego os resultados do desinvestimento canto a innovación dos último anos?

Que vai facer o goberno galego para corrixir a negativa evolución do I+D+i en Galiza no sector empresarial?

Considera suficientes os esforzos no sector público?

Considera o goberno galego que as súas políticas están a servir para reorientar os diferentes sectores produtivos cara un cambio de modelo baseado na innovación?

Considera o goberno galego que ten favorecido a consolidación da carreira investigadora?

Como valora o funcionamento da GAIN canto a captación de investimento e talento?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 14:29:20

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 14:29:29

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 14:29:40

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 14:29:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 14:30:03

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 14:30:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa a atender as demandas da asociación querEndo-mulleres con endometriose.

A asociación querEndo-mulleres con endometriose, presento a principios do mes de setembro un novo escrito dirixido aos grupos con representación no Parlamento de Galiza, trasladáronnos a súa preocupación porque as súas necesidades seguen sen ser atendidas a pesares de que a comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego, na sesión celebrado o 22 de abril de 2015, a proposta do BNG, aprobou por unanimidade unha iniciativa en demanda de medidas tanto para abordar a enfermidade como para a súa visibilización e coñecemento.

Toda vez que transcorreron máis de catro anos sen que se teñan efectivizado as medidas aprobadas, o BNG volve a facer súas as demandas do colectivo querEndo-mulleres con endometriose, e por esa razón presentamos as seguinte pregunta para a súa contestación oral na Comisión 5ª:

Cal é a razón de que a Consellaría de Sanidade non teña posto en marcha todas as actuacións referidas á endometriose, aprobadas por unanimidade, na Comisión 5ª de Sanidade, Política Social e Emprego na súa sesión do 22 de abril de 2015?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 17:39:04

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 17:39:12

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 17:39:18

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 17:39:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 17:39:35

Ana Pontón Mondelo na data 26/09/2019 17:39:44



Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Paula Quinteiro Araújo e Marcos Cal Ogando, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4.^a**, sobre a retirada da propaganda lgtbifóbica dos centros de ensino.

Xa hai tres anos as deputadas asinantes denunciámos a difusión de propaganda lgtbifóbica nos centros de ensino por parte de asociacións ultras como Hazte Oír. Tres anos despois a propaganda ultra apareceu de novo en diversos centros de ensino do país. Trátase de propaganda claramente homófoba e violenta que atenta contra a lexislación vixente do noso país. En primeiro lugar contra a propia Constitución española que no seu artigo 14 consagra a igualdade das persoas ante a lei sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición persoal ou social.

E, por outra banda, contra a “Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia”.

Consideramos que este tipo de publicacións son totalmente contrarias aos principios educativos do noso país que deben centrarse en valores como a convivencia, a tolerancia e a non discriminación por cuestión de identidade de xénero ou orientación sexual.

É inadmisíbel que unha opción ideolóxica que pon en cuestión os dereitos fundamentais teñan eco nos centros escolares.

Por estes motivos, o Grupo Común da Esquerda presenta a seguinte Pregunta:



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Vai retirar a Consellería de Educación esta propaganda homofóbica dos centros escolares?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Ánxeles Cuña Bóveda

Paula Quinteiro Araújo

Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 26/09/2019 17:45:17

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/09/2019 17:45:32

Paula Quinteiro Araújo na data 26/09/2019 17:45:46

Marcos Cal Ogando na data 26/09/2019 17:45:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á grave situación da empresa Poligal en Narón e ás actuacións que debe impulsar o goberno galego.

Poligal é unha empresa situada en Narón que desde febreiro de 2019 protagoniza unha sucesión de feitos que fan que hoxe en día perigue o seu futuro. Desde entón impulsáronse no Parlamento Galego diversos acordos para sumar a prol dunha solución e desde entón tamén as e os traballadores téñense mobilizado demandando unha saída e poñendo todo o esforzo da súa parte.

No momento de asinar a iniciativa, segundo informa a Confederación Intersindical Galega, existen problemas graves co administrador concursal, xa que non está realizando o traballo que lle corresponde, no sentido de que non facilita información e nin sequera tivo a ben concretar a data de visita ás instalacións solicitada por unha das firmas interesadas. Foi o propio IGAPE quen informou de que un dos axentes interesados xa ofreceu varias datas para ver a planta, pero o administrador non confirmou ningunha delas. Isto únese a outras queixas manifestadas nos últimos meses polas partes da mesa de traballo constituída para abordar a situación.

En paralelo a esta situación, as forzas sindicais denuncian que a día de hoxe os traballadores e as traballadoras só cobraron o 25% da indemnización polo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

despedimento, cando existe un acordo de garantía polo cal Poligal Portugal se compromete a facerse cargo do pago do 100% das contías económicas.

Por estas cuestións é necesario dar un meirande impulso á mesa de traballo da que participa o IGAPE e que a Xunta de Galiza inicie actuacións contra a pasividade e negligencia do administrador concursal.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

Que actuacións vai desenvolver o goberno galego para evitar os incumprimentos do administrador concursal e procurar unha saída á crise de Poligal?

Que valoración fai o goberno galego das actuacións postas en marcha para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón?

Valora a posibilidade de presentar unha queixa formal no Xulgado núm. 7 de Barcelona respecto do administrador concursal? Por que motivos?

Como valora o funcionamento e traballo da Mesa constituída?

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para que as e os traballadores cobren o comprometido?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/09/2019 18:10:14

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2019 18:10:56

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2019 18:11:03

Olalla Rodil Fernández na data 26/09/2019 18:11:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/09/2019 18:11:17



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

Dende o pasado 19 de setembro participa no tempo de Faladoiro do Galicia por Diante, da Radio Galega, a ex-valedora do Pobo, Milagros Otero. Esta incorporación produciuse despois de presentar a súa dimisión neste cargo o 23 de xullo, catro meses despois de que o Tribunal Supremo rexeitara o seu recurso interposto á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) que anulou o nomeamento de María Puy Fraga, sobriña do ex presidente Manuel Fraga e irmá do portavoz parlamentario do PPdeG, para un posto na defensoría galega.

A Sala do contencioso administrativo do TSXG, trala impugnación do nomeamento por parte dun dos participantes no proceso de selección, do posto de xefe de servizo de Administración e Persoal, considerou probado que a Valedora influíu no proceso para que o posto recaese nesta persoa, quen, segundo o TSXG, actuou con "arbitrariedade" e cometeu un "desvío de poder". O Tribunal Supremo ademais de inadmitir a trámite o recurso presentado pola Valedora do Pobo, condenouna a abonar 2.000 euros en costas procesuais.

Milagros Otero coa complicidade do PP, causou no seu paso pola máxima representación desta institución, un grave prexuízo pola gravidade dos feitos e polas importantes funcións que a institución do Valedor do Pobo desempeña, ao representar o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no Título I da Constitución e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai da incorporación da ex valedora do Pobo, Milagros Otero, ao Faladoiro do Galicia por Diante, da Radio Galega?
2. Cales foron os motivos que levaron a CRTVG a requirir a súa presenza neste espazo?
3. Considera que Milagros Otero é, despois de ser condenada polo Tribunal



- Superior de Xustiza de Galicia por “desvío de poder” e “arbitrariedade”, unha “voz prestixiosa” para os nosos medios de comunicación públicos?
4. Cantos días a semana vai participar neste programa?
 5. Vai recibir a ex valedora algunha remuneración por participar neste espazo?
 6. En caso afirmativo, de que cantidade se trata?
 7. Ten previsto a CRTVG contar coa ex valedora noutros espazos da radio e/ou da televisión pública galega?

Pazo do Parlamento, 24 de setembro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 24/09/2019 13:02:50

Julio Torrado Quintela na data 24/09/2019 13:02:59



Á MESA DO PARLAMENTO

Ánxeles Cuña Bóveda, Luca Chao Pérez e Xan Xosé Jove González, deputadas e deputado do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG.**

Os traballadores e traballadoras da CRTVG levan máis dun ano protestando tódolos #VenresNegros para que se cumpra a Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación e se respecten os seus dereitos laborais, así como o dereito de tódolos galegos e de tódalas galegas a unha información pública e de calidade. Porén, a dirección do ente continúa ignorando as súas xustas reivindicacións

O pasado 25 de setembro, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia anulou os servizos mínimos impostos polas dirección da CRTVG para as folgas dos días 19 e 22 de decembro. O ditame defende que “non resulta de recibo atribuír ao Director Xeral da CRTVG a competencia para concretar o persoal que debe permanecer e cubrir, durante os períodos de folga, os servizos mínimos en programas informativos”, xa que “se crebarían as naturais esixencias de neutralidade, obxectividade e imparcialidade que cabe agardar á autoridade gobernativa”.

A sentenza apunta tamén que “non consta unha motivación axeitada que xustifique a determinación dos efectivos que se fixa como servizos mínimos”.

Non é a primeira sentenza que cuestiona o respecto que mostra a CRTVG ao



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

dereito a folga. No mes de xuño, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia concluíu que a corporación pública vulnerara o dereito á folga do 19 de decembro ao substituír de xeito irregular a unha traballadora e ao manter a emisión do programa *O Tempo*.

Meses antes, en abril, o TSXG condenou á CRTVG por vulnerar o dereito á folga durante a xornada histórica do 8 de marzo. Ese día, a canle de televisión galega chamou a traballadores para substituír ás mulleres que estaban exercendo o seu dereito a participar na protesta, restándolle impacto, dese xeito, á súa mobilización.

Respecto do acontecido o 8M, o TSXG manifestou que “nin o empresario pode impoñer aos traballadores que non acudiron á folga a realización de tarefas que corresponden a quen secundaron a convocatoria”. “nin os traballadores que deciden libremente non secundala poden substituír o traballos dos seus compañeiros”, máis alá dos servizos mínimos.

Así, comprobamos con rabia e tristeza que na CRTVG se vulneran sistematicamente os lexítimos dereitos á folga dos traballadores e traballadoras.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Por que a CRTVG vulnera sistematicamente o dereito á folga dos traballadores e traballadoras?
- Que opinión lle merece á dirección da corporación a sentenza do TSXG do 25 de setembro?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- A CRTVG vai facer algo no futuro para garantir o dereito á folga dos seus traballadores e traballadoras?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Xan Xosé Jove González

Deputadas e deputado do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 26/09/2019 18:12:14

Luca Chao Pérez na data 26/09/2019 18:12:20

Xan Xosé Jove González na data 26/09/2019 18:12:33



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG79VXvK17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

